ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

**CONCELLO DE VIGO**
Expte. 2028/1102

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 13 de febreiro de 2025

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trece de febreiro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral,  Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(86).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do  Sr.Alcalde–presidente.

**2(87).-BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO: ANO 2026. EXPTE. 25379/333.**
Visto o informe xurídico do 13/01/2026 e o informe de fiscalización de data 09/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/01/2026, asinado polo xefe do Servio de Deportes-Director deportivo e conformado pola secretaria de



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión:  25/02/2026 12:06 | Páxina 1 de 86 |
|---|---|---|
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Administración municipal, o concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

a.- A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos, entre outros, con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio á dinamización de proxectos e eventos deportivos que potencien e promovan a actividade deportiva nas súas diferentes manifestacións.

c.- A proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo entre outras cuestións, en liña co establecido no dito plan, a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, crear un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio, apoiar o desenvolvemento de eventos e programas deportivos na cidade de Vigo, fomentar o desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, contribuír á promoción da cidade de Vigo, etc.

d.- A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

**2.- FUNDAMENTOS.**

a.- CONSIDERACIÓNS XERAIS:

Os obxectivos xerais da convocatoria responde ó interese por impulsar a celebración de grandes eventos deportivos na cidade de Vigo, potenciando sinerxías no ámbito social e deportivo, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola actividade deportiva.
- A busca do impulso de proxectos de interese para a cidadanía.
- O impulso do compromiso da sociedade cos valores do deporte.
- A Colaboración co tecido asociativo deportivo da nosa cidade.
- A dinamización do deporte a través de proxectos de deporte de alto nivel.
- O financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento de eventos deportivos na cidade, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.01 “subvencións a eventos deportivos”, un crédito por un importe total de 50.000,00€ (Cincuenta mil euros), que o Concello de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de subvencionar os eventos deportivos que se celebran na cidade de Vigo ó longo do ano 2026.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno;así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

b.- MOTIVACIÓN:

O desenvolvemento desta convocatoria considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolida-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 3 de 86 |
|---|---|---|
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ción da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Os antecedentes que obran no servizo de deportes identifican claramente a repercusión e o retorno para a cidade de Vigo no plano social, económico e de promoción.

Os eventos deportivos, ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecen a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións, que impulsarán ó comercio local, ofrecerán un entorno de deporte-espectáculo e promoverán obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

O desenvolvemento desta proposta considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha convocatoria de subvencións orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo no ano 2026 e súa convocatoria.

**SEGUNDO:** Autorizar o gasto por un importe máximo segundo a seguinte distribución do orzamento do ano 2026:

- LIÑA 1: Grandes eventos deportivos: 50.000,00€ (Cincuenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01.
- LIÑA 2: Programas de deporte escolar.10.000,00€ (Dez mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01.
- LIÑA 3: Eventos integrados en circuítos nacionais de deporte federado promovidos polo tecido empresarial deportivo.15.000,00€ (Quince mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3410.470.00.00.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2026.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas para a organización de eventos deportivos na cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026 contemplan un crédito de 60.000,00€ (Sesenta mil euros) na aplicación orzamentaria 3410.489.00.01, e 15.000,00€ na aplicación orzamentaria 3410.470.00.00; crédito

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a subvencionar eventos deportivos que se celebran na cidade de Vigo no ano 2026.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións ás que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos ocasionados pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo celebrados entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro do ano 2026.

**SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables os relativos ós eventos deportivos que de xeito determinado sexan ocasionados no ámbito das necesidades vinculadas á organización dos eventos deportivos en esta convocatoria. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados ao redor da organización dos eventos deportivos, quedando excluídos os gastos por investimento (compra de equipos informáticos, equipamento deportivo, etc) e obras en instalacións deportivas.

As subvencións teñen un carácter único entendéndose que o total da subvención é polos gastos xerados polo evento subvencionado.

**TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

Os créditos máximo destinados a cada unha das liñas de subvención serán os seguintes:

- LIÑA 1: Grandes eventos deportivos: 50.000,00€ (Cincuenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01.
- LIÑA 2: Programas de deporte escolar. 10.000,00€ (Dez mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01.
- LIÑA 3: Eventos integrados en circuítos nacionais de deporte federado promovidos polo tecido empresarial deportivo. 15.000,00€ (Quince mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3410.470.00.00.

Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

**CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, aínda que serán incompatibles coas subvencións ou axudas tramitadas no Concello de Vigo en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria e/ou xa Subvencionado polo Concello de Vigo.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

2.- As beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**QUINTA. – REQUISITOS E CRITERIOS DE EXCLUSIÓN DOS BENEFICIARIOS EN FUNCIÓN DA LIÑA.**

| LIÑA 1: GRANDES EVENTOS DEPORTIVOS | |
|---|---|
| REQUISITOS DAS ENTIDADES ORGANIZADORAS: | Tipos de entidade: Clubs deportivos e Fed. Deportivas Galegas e asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas e rexistradas que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria. |
| REQUISITOS DOS EVENTOS | Modalidades de deporte individual.<br>Modalidade de deporte federado<br>Non poderá formar parte nin estar integrado técnica ou administrativamente en ningún programa vinculado con outra administración.<br>Participación aberta.<br>Premios igualitarios de habelos.<br>Orzamento de gastos superior a 20.000,00€ |
| CRITERIOS DE EXCLUSIÓN | Tipos de entidade: Clubs e entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais, clubs profesionais, Administracións Públicas, centros educativos, Universidades e Fundacións.<br>Eventos cun orzamento de gastos inferior a 20.000,00€.<br>Eventos cun % de financiamento propio e alleo distinto ó do Concello inferior ó 50%.<br>Entidades con ánimo de lucro.<br>Eventos que obteñan unha puntuación inferior a 20 puntos nos criterios de valoración.<br>Eventos de modalidades de deporte non Federado.<br>Eventos incluídos no programa RunRunVigo e/ou subvencionados polo Concello de Vigo.<br>Campus, campamentos, xornadas de formación, cursos, actividades e proxectos escolares, Festivais, actividades internas non abertas á participación xeral e actividades análogas. |

| LIÑA 2: PROGRAMAS DE DEPORTE ESCOLAR | |
|---|---|
| REQUISITOS ORGANIZADOR | Tipos de entidade: Clubs deportivos, asociacións deportivas e agrupacións deportivas, que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria. |
| REQUISITOS DO EVENTO | Modalidades de deporte individual.<br>Destinado exclusivamente a deportistas en idade escolar.<br>Mínimo de 5 probas en localizacións diferentes dentro do termo municipal de Vigo.<br>Participación mínima total de 2.500 inscritos.<br>Participación mínima por proba de 200 inscritos para ser tida en conta.<br>Non poderá formar parte nin estar integrado técnica ou administrativamente en ningún programa vinculado con outra administración.<br>Participación aberta.<br>Premios igualitarios de habelos.<br>Orzamento de gastos superior a 8.000,00€ |
| CRITERIOS DE EXCLUSIÓN | Tipos de entidade: Clubs e entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais, clubs profesionais, Administracións Públicas, centros educativos, Universidades e Fundacións.<br>Eventos cun orzamento de gastos inferior a 8.000,00€<br>Eventos cun % de financiamento propio e alleo distinto ó do Concello inferior ó 20%.<br>Entidades con ánimo de lucro.<br>Eventos que obteñan unha puntuación inferior a 20 puntos nos criterios de valoración.<br>Eventos de deporte non Federado.<br>Campus, campamentos, xornadas de formación, cursos, actividades e proxectos escolares, actividade docente, Festivais, actividades internas non abertas á participación xeral e actividades análogas. |

| LIÑA 3: PROBAS DE CIRCUÍTOS NACIONAIS | |
|---|---|
| REQUISITOS ORGANIZADOR | Tipos de entidade: Entidades empresariais que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria. |
| REQUISITOS DO EVENTO | O evento deber formar parte dun circuíto oficial/Liga de deporte federado integrado na federación deportiva correspondente.<br>Deporte federado<br>Non poderá formar parte nin estar integrado técnica ou administrativamente en ningún programa vinculado con outra administración.<br>Premios igualitarios, de habelos.<br>Orzamento de gastos superior a 20.000,00€ |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| | |
|---|---|
| CRITERIOS DE EXCLUSIÓN | Tipos de entidade: Entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais, clubs profesionais, Administracións Públicas, centros educativos, Universidades e Fundacións.<br>Eventos cun orzamento de gastos inferior a 20.000,00€<br>Eventos cun % de financiamento propio e alleo distinto ó do Concello inferior ó 40%.<br>Entidades sen ánimo de lucro.<br>Eventos que obteñan unha puntuación inferior a 20 puntos nos criterios de valoración.<br>Eventos de deporte non Federado.<br>Eventos incluídos no programa RunRunVigo e/ou subvencionados polo Concello de Vigo.<br>Campus, campamentos, xornadas de formación, cursos, actividades e proxectos escolares, Festivais, actividades internas non abertas á participación xeral e actividades análogas. |

3.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

**SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

a) Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
b) Xustificar axeitadamente o cumprimento das obrigas incluídas nas bases da convocatoria.
c) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
d) Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.
e) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
f) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

**SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 50 puntos.
Serán excluídos aqueles proxectos que non alcancen a puntuación mínima de 20 puntos.

1.1.- % Financiamento recursos distintos á subvención do Concello

| LIÑA 1 | | LIÑA 2 | | LIÑA 3 | |
|---|---|---|---|---|---|
| ≥80% | 10 ptos | ≥80% | 10 ptos | ≥80% | 10 ptos |
| ≥70% | 7 ptos | ≥70% | 7 ptos | ≥70% | 7 ptos |
| ≥50% | 5 ptos | ≥20% | 5 ptos | ≥40% | 5 ptos |

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 7 de 86 |
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

1.2.- Orzamento de gastos

| LIÑA 1 | | LIÑA 2 | | LIÑA 3 | |
|---|---|---|---|---|---|
| ≥ 80.000€ | 10 ptos | ≥ 15.000€ | 10ptos | ≥ 50.000€ | 10 ptos |
| ≥ 50.000€ | 8 ptos | ≥ 10.000€ | 8ptos | ≥ 30.000€ | 8 ptos |
| ≥ 20.000€ | 5 puntos | ≥ 8.000€ | 5 ptos | ≥ 20.000€ | 5 ptos |

1.3.- Días de competición efectiva/Xornadas:

| | |
|---|---|
| 5 o máis días | 8 puntos |
| De 3 a 4 días | 5 puntos |
| 2 días | 3 puntos |
| 1 día | 2 puntos |

1.4.- Tipo de competición.

| | |
|---|---|
| Campionato do Mundo/Europa | 8 puntos |
| Proba de Copa do Mundo/Europa | 6 puntos |
| Circuito Internacional Oficial | 5 puntos |
| Resto de eventos | 3 puntos |

1.5.- Nº de edicións celebradas (Acreditado).

| | |
|---|---|
| 16 o máis edicións | 4 puntos |
| De 11 a 15 edicións | 3 puntos |
| De 6 a 10 edicións | 2 puntos |
| <5 edicións | 0 puntos |

1.6.- Participación

| | |
|---|---|
| ≥ 500 deportistas | 10 puntos |
| ≥ 150 deportistas | 8 puntos |
| ≥ 75 deportistas | 3 puntos |
| ≥ 50 deportistas | 2 puntos |
| < 50 deportistas | 0 puntos |

**OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS E LÍMITES.**

1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase en orde de prelación, ata esgotar o crédito dispoñible, entre entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

Crearase unha lista de garda, por chamamento directo, coas entidades admitidas que quedaran sen subvención, de tal forma que no caso de que as entidades inicialmente beneficiarias non confirmen de forma expresa a aceptación da subvención no prazo de 10 días dende a recepción da notificación de resolución, o importe destinarase en orden de prelación en función da puntuación obtida, ás seguintes ata esgotar o crédito dispoñible.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

2.- Límites:

2.1.- Poderá presentarse como máximo unha solicitude de subvención por entidade para un único evento deportivo.

2.2.- Importe e porcentaxe máximo das subvencións por beneficiario:

| | Importe máximo subvencionado |
|---|---|
| LIÑA 1 | Ata o 50% do orzamento de gastos, cun máximo de 10.000,00€ para eventos con orzamentos de gastos superiores a 30.000,00€, e un máximo de 4.000,00€ para eventos con orzamentos de gastos entre 20.000,00€ e 29.999,99€. |
| LIÑA 2 | Ata o 80% do orzamento de gastos ata un máximo de 10.000,00€ |
| LIÑA 3 | Ata o 50% do orzamento de gastos ata un máximo de 15.000,00€ |

**NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.
As solicitudes ordenaranse en orde de prelación segundo as puntuacións acadadas en función dos criterios de baremación ata esgotar o crédito total.

Nos casos de empate, a orde de prelación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de desempate:

1º.-Mellor puntuación no apartado 1.1 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.
2º.-En caso de persistir o empate, mellor puntuación no apartado 1.4 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.
3º.-En caso de persistir o empate, mellor puntuación no apartado 1.2 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.
4º.-En caso de persistir o empate, mellor puntuación no apartado 1.6 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.
5º.- En caso de persistir o empate, mellor puntuación no apartado 1.3 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.
6º.- En caso de persistir o empate, mellor puntuación no apartado 1.5 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.
7º.- En caso de persistir o empate, maior número de participantes.

**DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 9 de 86 |
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

As entidades só poderán presentar unha única solicitude, e para un evento deportivo.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que rematen os prazos outorgados para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

**DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.
2. Anexo I.2: Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos do evento.
3. Anexo I.3: Declaración responsable.
4. Proxecto completo de actividade.
5. Acreditación da composición da actual xunta directiva.
6. Copia do DNI da persoa representante da entidade que formula a solicitude de subvención
7. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria.
8. Copia do CIF da entidade solicitante.
9. Certificados de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa **Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Socia e a AEAT.**

3.- De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultaranse o estado de débedas das entidades co Concello de Vigo. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitada no formulario e achegar o documento.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

**DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

**DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo do servizo de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Os beneficiarios deberán confirmar de forma expresa, no prazo de 10 días dende a recepción da notificación de resolución, a aceptación ou renuncia á subvención. No caso de non realizar dito trámite, a solicitude arquivarase de forma definitiva ao entenderse que o beneficiario renuncia á subvención.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación , se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (atigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

**DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

1.- As beneficiarias deberán presentar facturas por un importe mínimo do **80% do orzamento total de gastos** presentado na solicitude de subvención.
No caso de non alcanzar dito porcentaxe, o importe da subvención reducirase na mesma proporción, aínda que **de non presentar facturas ou documentos de valor probatorio equivalente por un porcentaxe mínimo do 70% do orzamento total de gastos inicial presentado xunto coa solicitude, a entidade perderá o seu dereito ó cobro da subvención.**
2.- As beneficiarias das subvencións teñen un prazo de 30 días naturais dende a data da finalización do evento para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.
Excepcións:

- No caso de que a resolución de concesión da subvención sexa posterior á celebración do evento, o prazo será de 30 días dende a notificación da resolución de concesión, coa data limite do 15.11.26.
- Para os eventos celebrados entre o 16.09.26 e o 01.12.26, o prazo máximo para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos será de 30 días naturais con carácter xeral, aínda que co límite do 18.12.26.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. "Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan".

*2.- Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente* ***a través*** **da sede electrónica do Concello de Vigo,** por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

- Anexo II.1. Relación de facturas presentadas como xustificación.
- Anexo II.2. Declaración responsable
- Anexo II.3. Balance de ingresos e gastos
- Documentación que acredite a **participación efectiva** no evento deportivo, que deberá ser, como mínimo, a detallada na solicitude de subvención e que serviu de referencia para a puntuación.
- Documentación que acredite a **duración efectiva da competición**, que deberá ser, como mínimo, a detallada na solicitude de subvención e que serviu de referencia para a puntuación.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento do proxecto subvencionado cuns contidos que permitan comprobar dito cumprimento.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado por un porcentaxe mínimo do 80% do orzamento total de gastos presentado coa solicitude, coas seguintes especificidades:
  - A xustificación deberá facerse con documentos orixinais por como mínimo o 80% do orzamento total de gastos, e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo 20% do gasto do proxecto pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
  - Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos será necesario que conste de forma expresa que os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

  - **Importe xustificativo:** Terase en conta como importe xustificativo a *Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente* que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo II.2 no seu momento que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
  - Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou póla propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

- *Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello*, en relación coa xustificación da subvención.

**DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

**DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. **Perda do dereito ao cobro:**

    - Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014,de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O obxecto da presente proposta de transferencia de financiamento é colaborar co financiamento da execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano dinamizado pola Fundación Vide. Esta non ten ningunha incompatibilidade con outras achegas, axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

A Fundación Vigo Deporte presentará unha memoria xustificativa das actividades realizadas en base ao proxecto presentado, onde figurarán relacionadas as actividades realizadas.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto destino da achega municipal e se fora preciso proceder á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.

A tramitación da transferencia de financiamento implica a aceptación por parte da Fundación VIDE das obrigas sinaladas na lexislación vixente, segundo o sinalado no artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014,de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

No que respecta á comprobación, xustificación e control da achega municipal, nos termos establecidos no artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procederase mediante técnicas de auditoría contratada ao efecto a auditores de contas ou sociedades de auditoría de contas.

A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.489.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- O 50% (75.000,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2026.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: A aprobación da presente transferencia de financiamento por un importe de 150.000,00€. a favor da entidade Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento e de acordo cos seguintes condicionantes:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

a) O obxecto da transferencia de financiamento é colaborar na execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano  dinamizado pola Fundación Vide, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro.

b) A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral  dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014,de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da  Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da  Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e boo goberno, e as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo.

c) Esta transferencia de financiamento non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

d) A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.489.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- O 50% (75.000,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2026.

e) Obrigas da Fundación Vide:
- Desenvolver o programa de actividades detalladas no proxecto anual presentado ante o Concello de Vigo.
- Incorporar a imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade, proxecto...na que participe, dinamice ou participe.
- Adoptar as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte da Concellería de deportes-Concello Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, na súa web, nas presentacións e difusión ds súas actividades, etc, procurando previamente a conformidade da Concellería de deportes.
- Colaborar coa Concellería de deportes-Concello de Vigo nas iniciativas que desde éste poidan desenvolverse no ámbito do deporte na cidade de Vigo.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

- Comunicar á Concellería de Deportes-Concello de Vigo as modificacións, alteracións ou cancelacións que puideran integrar parte do programa de actividade previsto.
- Achegar á Concellería de deportes a seguinte documentación:
  –Informes trimestrais sobre as actividades realizadas.
  –Relación de ingresos e gastos, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
  –Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Vide.
  –Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Vide de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír, como mínimo, os seguintes datos e documentos:
  –Datos sobre participantes nas actividades desenvoltas.
  –Memoria de prensa.
  –Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- Utilizar a lingua galega como lingua oficial de comunicación, quedando a utilización doutras linguas nas publicacións e difusión sometidas aos acordos específicos coa concellería de deportes.

f) Obrigas do Concello de Vigo:

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades da Fundación Vide.
- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento de acordo co procedemento de pago establecido:
  - O 50% (75.000,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
  - O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2026.

g) A Fundación Vide achegará á Concellería de deportes, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral do Concello de Vigo.
h) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia de financiamento.
k) A Fundación Vide está informada que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a tramitación da transferencia de financiamento, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade obxecto da financiamento, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 , de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común e na Lei 3/2018, do 1 de outubro, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

**4(90).-APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA “VIGO EN INGLÉS 2026”: 3º DA ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. EXPTE. 99632/332.**

Visto o informe de fiscalización de data 05/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/02/2026, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 20 de maio de 2024, adoptou o acordo de adxudicar a “Newlink Education, S.L” (B-22210843), o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School “VIGO EN INGLES 2024-2025” (expte. 62810-332) por un prezo total de 5.999.550,00.-€ que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”); de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de febreiro de 2024 e a oferta presentada.

O PCAP establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas de un ano cada unha. O contrato formalizouse entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria en data 11/Xuño/2024, entrando en vigor a partir do 12 de xuño de 2024, para un período contractual de 2 anos comprendido entre o 12/06/2024 e o 12/06/2026.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, adoptou o acordo de autorizar a primeira prórroga do contrato para os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés” (expte. 62810-332), adxudicado a New Link Education S.L. (CIF B-22210843), o periodo comprendido entre o 12/06/2026 e o 11/06/2027 para o desenvolvemento da edición 2026 deste programa, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida. Igualmente aprobou asumir o compromiso de incluír no orzamento do exercicio futuro de 2026 o crédito necesario para facer fronte ao gasto de 2.999.775,00.-€ (exentos de IVE) correspondente a esta prórroga.

Dende hai varios anos, o Concello de Vigo ven mantendo unha decidida aposta formativa a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas. O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira amósase como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que este programa pretende a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 33 de 86 |
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), tras a modificación introducida pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE publicada no BOE N.º 340 do 30/12/2020), recolle nos artigos 25 e 26 nos principios pedagóxicos para 4º da ESO, que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorizarase a comprensión e expresión oral.
Por outra banda, o artigo 8 "cooperación entre administracións" da LOE, recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercicio das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "VIGO EN INGLÉS 2026" que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.
En todo caso, o desenvolvemento deste programa municipal estará condicionado pola esixencia previa dunhas condicións de seguridade que garantan ao alumnado participante a realización desta experiencia académica internacional de xeito óptimo e seguro.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional. En consecuencia, estas estadías lingüísticas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma, convertendo ao alumnado de Vigo, ao entrar en contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, todo o equipo de monitoraxe e alumnado participante no programa estarán uniformados con suadoiros alusivos á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración lingüística, e achegarán ao persoal educativo dos High Schools, ás familias de acollida e autoridades locais en destino, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

Neste senso e seguindo instrucións da Concelleira Delegada de Educación, tramítase o presente expte para a aprobación das bases e convocatoria para a adxudicación de prazas no programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo " VIGO EN INGLÉS 2026" dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

Polo tanto, tomando como referencia o expte. nº 62810/332 que adxudica a contratación da a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025, e a correspondente aprobación da primeira prórroga deste contrato para o desenvolvemento da edición 2026 deste programa; convócase en réxime de concorrencia competitiva un proceso selectivo de alumnado beneficiario cunha oferta dun máximo de 927 prazas para alumnado de 3º curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, quedando as restantes solicitudes que cumpran os requisitos incluídas en función da puntuación obtida nunha lista de suplentes.

Este Programa de Inmersión en Lingua Inglesa "Vigo en Inglés 2026" ten como acción principal a promoción e desenvolvemento de estadías de 3 semanas en Reino Unido e/ou Irlanda en réxime de integración escolar nun "High School" en periodo lectivo, para alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; coa finalidade de mergullarse nunha experiencia lingüística e cultural plena e crear neste alumnado a necesidade de empregar a lingua inglesa en contextos reais 24 horas como ferramenta de comunicación social e vehículo de aprendizaxe escolar, poñendo en valor a educación dende unha perspectiva plurilingüe e intercultural.

Os resultados acadados nas anteriores edicións do Programa Educativo de Inmersión en Lingua Inglesa "VIGO EN INGLÉS", non fan senón confirmar, ademáis dunha óptima avaliación, a alta satisfacción a nivel didáctico-pedagóxico, na procura de seguir tentando mellorar a competencia en lingua inglesa e na comunicación intercultural no noso alumnado vigués.

A implementación da iniciativa didáctica municipal "VIGO EN INGLÉS 2026", implica a prestación do servizo por parte dunha empresa adxudicataria que posúa a debida cualificación e estea especializada no desenvolvemento de programas de inmersión lingüística, que terá como cometido a prestación plural de traballos de distinta natureza e carácter heteroxéneo, tales como, transporte, organización do programa lectivo de inmersión lingüística en destino, aloxamento, manutención, visitas organizadas e información a familias, que supoñen a xestión integral do programa; despois da aplicación das bases e convocatoria específica que son obxecto do presente expediente e que realizará directamente este Servizo de Educación para ordenar e regular a selección do alumnado participante. Logo é obrigado proporcionar á empresa adxudicataria a relación nominal dos alumnos/as participantes no programa municipal "Vigo en Inglés 2026", cos datos de identificación necesarios para a xestión do programa. Polo tanto, cómpre que con tempo abondo, o Servizo de Educación desenvolva e resolva a convocatoria municipal anual para a adxudicación de prazas para participar no programa municipal de inmersión en lingua inglesa "Vigo en Inglés 2026", diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente ao alumnado beneficiario, para logo dar traslado da relación de alumnado participante neste programa municipal á empresa adxudicataria.

Por todo iso, e diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente o alumnado beneficiario do programa "Vigo en Inglés 2026", cómpre desenvolver a "Convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa "VIGO EN INGLÉS 2026" dirixida ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos da nosa cidade

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

sostidos con fondos públicos", cuxa convocatoria e bases son obxecto do presente expediente. En todo caso, a concesión destas prazas de inmersión lingüística efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Por elo, con carácter previo ao outorgamento da concesión das prazas para participar na iniciativa didáctica municipal "Vigo en Inglés 2026" deberán aprobarse as bases reguladoras para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa "VIGO EN INGLÉS 2026" dirixida ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos".

Unha das complexidades manifestas desta convocatoria é o importante número de destinatarios/as potenciais (estimados nuns preto de 1500 alumnos/as conforme aos datos recabados por este Servizo), que cumpren todos os requisitos para poder participar neste programa municipal de inmersión en lingua inglesa. Neste sentido é importante salientar que un dos elementos primordiais para a selección do alumnado é premiar o esforzo académico do mesmo, polo que se establece como requisito imprescindible ter todas as materiais aprobadas e ter obtido unha nota media mínima de 7 en lingua inglesa. Igualmente a participación no programa Vigo en Inglés 2026 non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, dado que as familias participantes en función da súa renda per cápita aportarán a achega familiar do prezo público que se determina nas bases desta convocatoria.

A Ordenanza Fiscal nº 42 Reguladora dos prezos públicos pola participación en programas municipais de carácter voluntario, que se inclúe nas "Ordenanzas de Tributos e Prezos Públicos 2026 do Concello de Vigo", textualmente indica que: "Teñen a condición de prezos públicos as achegas que realizan os participantes noutros programas do Concello, en contía variable segundo niveis de renda familiar, idades dos participantes e outros parámetros que, directa ou indirectamente poñen de manifesto a capacidade económica familiar. A contía destes prezos públicos poderá ser 0 euros para aqueles participantes con niveis de renda similares aos mínimos exentos nas tasas do Concello. As restantes contías determinaranse, en cada convocatoria segundo o nivel de renda. En ningún caso, o prezo público a satisfacer superará o custe unitario do servizo ou programa".

A intervención Xeral en informe de 27/02/2025 emitido no expediente 98737-332 sobre as "Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no Programa Municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2025" sinala que, *"Como queira que o expediente remitido a esta Intervención non supón a aprobación ou autorización de gastos, o citado expediente e o acordo nel proxectado non se atopan sometidos a fiscalización previa",* polo tanto inda que o expediente obxecto do presente informe non produce obrigas de contido económico, remitese á intervención xeral municipal para a emisión de informe.

Consonte ao acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, de autorizar a primeira prórroga do contrato para os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés" (expte. 62810-332), adxudicado a New Link Education S.L. (CIF B-22210843), polo periodo comprendido entre o 12/06/2026 e o 11/06/2027 para o desenvolvemento da edición 2026 deste programa; se prevé para financiar as 927 prazas ás que se refire a presente convocatoria, o importe máximo de 2.999.775,00.-€ (exentos de IVE) aplicado con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais do orzamento municipal de 2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecida no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa - VIGO EN INGLÉS 2026, de acordo co texto que se achega".

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA "VIGO EN INGLÉS 2026" DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3º DA ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

**Primeiro.- Obxecto**

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación de 927 prazas en réxime de concorrencia competitiva, para participar no programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo "Vigo en Inglés 2026".

A presente convocatoria ten como destinatarios/as ao alumnado do 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, que cumpran os requisitos recollidos nesta convocatoria específica para poder participar no programa municipal "Vigo en Inglés 2026".

A finalidade do programa "VIGO EN INGLÉS 2026" é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

1.- Estadía durante tres semanas en Reino Unido e/ou Irlanda.

2.- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado no Reino Unido e/ou Irlanda, onde se desenvolverá o programa.

3.- Monitores con suficiente capacidade lingüística en inglés, que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de un monitor por cada 20 alumnos participantes.

4.- Programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Reino Unido e/ou Irlanda e matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun mínimo de clases de 10 horas.

5.- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

6.- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

7.- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.

8.- Aloxamento preferentemente en casa de familias anfitrioas de fala inglesa.

9.- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.

10.- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.

11.- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

**Segundo.- Contía**

A participación no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas no punto noveno desta convocatoria.

Igualmente, a participación no programa e o desfrute do mesmo é incompatible con calquera outro programa e/ou axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos durante o ano 2026.

O custe de cada praza é de 3.235 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal "VIGO EN INGLÉS 2026", que promove o Concello de Vigo e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa adxudicataria que posúa a debida cualificación e estea especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School, e contratada ao efecto polo Servizo Municipal de Educación. Ocuparase de ofrecer os medios materiais e persoais necesarios para o desenvolvemento do programa, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas participantes.

O desenvolvemento deste programa estará condicionado pola esixencia previa dunhas condicións de seguridade que garantan ao alumnado participante a realización desta experiencia académica internacional de xeito óptimo e seguro e pola previa adxudicación do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal "Vigo en inglés 2026".

**Terceiro.- Programa xeral programa VIGO EN INGLÉS 2026**

Os contidos do programa municipal de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2026 atópanse a disposición dos/as interesados/as nas páxinas web do programa:

**https://escolas.vigo.org/vigoeningles**

**https://www.vigoeningles.org/convocatoria**

Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.

***1.*** **Adxudicatarios e requisitos**

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

1.- Estar a cursar 3º da ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2025-2026.

2.- Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO nas cualificacións finais do mes de xuño dese curso lectivo escolar.

3.- Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.

4.- Estar empadroado/a no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2025, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

5.- Non ter concedido, no ano 2026, outro programa e/ou axuda coa mesma finalidade.

6.- Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor

7.- Ter presentado a solicitude nos prazos estipulados.

8.- Non ter sido beneficiario/a dunha praza noutra edición deste programa educativo municipal.

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai ou titor/a legal) dos/as alumnos/as.

As 927 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases. As restantes solicitudes que, cumprindo os requisitos, non sexan seleccionadas, en función da puntuación obtida serán incluídas nunha única lista de suplentes ordenada por puntuación obtida e , no caso de empate na puntuación final, ordenada por renda per cápita da unidade familiar de menor a maior renda.

***2.* Número de prazas e destinos**

O programa consta de 927 prazas, en grupos de máximo 20 participantes e mínimo 10 participantes que se asignarán a como mínimo corenta e sete destinos e máximo noventa e tres centros educativos de integración (High Schools) diferentes no Reino Unido e/ou Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, a cuestións internas de índole organizativa.

***3.* Duración da estadía**

O programa, de tres semanas de duración, realizarase ao longo de primeiro trimestre do curso lectivo escolar 2026-2027, preferentemente entre a primeira quincena de setembro e a segunda quincena de outubro de 2026. Con todo, o calendario definitivo comunicarase con antelación suficiente ao alumnado beneficiario, a través da empresa adxudicataria.

***4.* Programa lectivo**

O programa componse de estadías dos participantes durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas.

Ao longo deste período, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración en período lectivo do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) do Reino Unido e/ou Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española e preferentemente, previo

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

ao período de integración impartirase un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 20 alumnos/as participantes ou un mínimo de 10 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e/ou idade.

Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadía do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa "VIGO EN INGLÉS 2026" que estiveron integrados neste.

***5.* Programa de actividades extraescolares e de lecer**

O programa lectivo comprende a asistencia ao High School de luns a venres a xornada completa; así mesmo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo durante as tardes, agás sábados e domingos, que haberá alomenos unha excursión de día completo. As actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

***6.* Viaxe e desprazamentos**

O aeroporto de saída e chegada será o de Peinador de Vigo. Calquera cambio nesta loxística organizativa deberá ser convenientemente motivado e xustificado polo contratista e conformado polo Concello de Vigo. As viaxes das familias e alumnado participante dende o seu domicilio ata o aeroporto de saída de Vigo, e o mesmo traxecto de volta, serán por conta dos participantes. As datas e horas previstas de saída e chegada serán comunicadas con antelación suficiente.

***7.* Información e asistencia a participantes e familias**

Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias que concrete o Servizo de Educación, con antelación suficiente ao inicio da viaxe. Así mesmo, antes e durante a viaxe todas as familias participantes terán a súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa "VIGO EN INGLÉS" situada no Servizo de Educación, ben no enderezo Praza do Rei s/n, pranta 11ª (36202 Vigo), no teléfono 986810181, ou a través do correo electrónico vigoeningles@vigo.org.

**Cuarto.- Publicidade e prazo**

Toda a información da presente convocatoria, así como o período do prazo de presentación de solicitudes, publicarase nas páxinas web do programa: https://escolas.vigo.org/vigoeningles e/ou https://www.vigoeningles.org/convocatoria e mediante anuncios na web municipal, difusión a través dos medios de comunicación locais (prensa, radio ...) e coa remisión do soporte documental divulgativo do programa aos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, con toda a información relativa ao procedemento de solicitude para a súa difusión entre o alumnado obxecto desta convocatoria.

A resolución das solicitudes, con expresión dos datos identificativos do/a alumno/a solicitante, puntuación acadada e a resolución atribuída (adxudicada, lista de suplentes e denegada), será publicada nas páxinas web específicas do programa referidas con anterioridade.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no diario local impreso de maior tirada.

**Quinto.- Solicitudes e documentación**

**Solicitudes**:

As solicitudes cubriranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario de solicitude en liña normalizado dispoñible nas webs do programa https://escolas.vigo.org/vigoeningles e/ou https://www.vigoeningles.org/convocatoria.

Unha vez cuberto o formulario de solicitude, xerarase un documento pdf, que haberá que descargar, asinar (dixital ou manualmente) por ambos proxenitores (a excepción de familias monoparentais) e rexistrar (electrónica ou presencialmente) xunto coa documentación requirida, dentro do prazo establecido.

O proceso para a presentación de solicitudes é o seguinte:

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado nas páxinas web https://escolas.vigo.org/vigoeningles e/ou https://www.vigoeningles.org/convocatoria, terá que entrar no rexistro xeral na sede electrónica do Concello de Vigo, (vigo.org/solicitude-vigoeningles) e premer o botón "tramitar por internet" onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitude), sendo necesario asinalo por calquera dos medios de sinatura admitidos na sede electrónica que se poden consultar no enlace "https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=sede_firma".

  Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

- **Solicitude presencial:** Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado nas páxinas web https://escolas.vigo.org/vigoeningles e/ou https://www.vigoeningles.org/convocatoria , deberáse obrigatoriamente imprimir e asinar polo pai e nai, titor/a legal, outros/as o documento resultante (Formulario de Solicitude) e, acompañado da documentación requirida se fose necesario, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9,00 a 13,30 hrs. (previa cita nos teléfonos 010 / 986810260 / 986810100 ou na web "citaprevia.vigo.org"), ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Aquelas familias que aínda cubrindo o formulario de solicitude on line na aplicación informática deste programa, non teñan rematado de xeito correcto o proceso de solicitude mediante a obrigatoria presentación do mesmo a través do rexistro xeral do Concello ou demais rexistros contemplados na Lei, entenderase que desisten de participar no programa municipal "Vigo en Inglés 2026".

No caso de divorcio ou separación legal con custodia compartida deben figurar no formulario de solicitude os datos de ambos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia compartida do/a menor.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

No caso de divorcio ou separación legal sen custodia compartida solo deben figurar no formulario de solicitude  os datos daquel proxenitor que teña atribuída a garda ou custodia do/a menor.

Segundo o recollido na cláusula 15ª desta convocatoria, a presentación da solicitude desta praza levará a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos de carácter persoal, e da súa publicación nas páxinas web do Servizo de Educación.

**Documentación:**

As persoas interesadas deberán achegar xunto co formulario de solicitude debidamente asinado, a seguinte documentación:

a) **Certificación académica orixinal** emitida polo centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos na que conste estar matriculado en 3º no curso académico 2025-2026 e certificación académica coas notas finais de 2º de ESO.

b) **DNI/NIE do alumno/a**, autorización de residencia ou **pasaporte** (en vigor).

c) **DNI/NIE**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) **dos solicitantes** (pai e nai ou titor/a legal) que asinan o formulario de solicitude

d) **Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar ou no seu defecto certificado de nacemento e documentación acreditativa da titoría legal.** No caso de non dispoñer de libro de familia terá que presentarse documentación que acredite o número de membros da unidade familiar. No suposto de non convivencia de ambos proxenitores, deberase acreditar que o/a solicitante convive cos fillos e/ou fillas.

e) De ser o caso**, acreditación documental das circunstancias familiares,** tales como: Titulo de familia numerosa, título de familia monoparental, sentenza de divorcio e convenio regulador onde conste o relativo á custodia, certificado de defunción (no caso de viuvez), **r**esolución xudicial ou administrativa da tutela ou acollemento...

f) De ser o caso, **Certificado de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar** emitido polo órgano competente cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%

g) **Xustificación de ingresos**: **Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo a solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia simple da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.**

h) No caso de que algún participante precise de **atencións médicas especiais** (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias...) deberán presentar un **certificado médico** que así o acredite.

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderase achegar por diferentes vías:

- Electronicamente mediante o seu escaneado na mesma aplicación en liña na que se cubriu o formulario de solicitude

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

- Na sede electrónica do Concello no momento de rexistrar o formulario de solicitude
- Fisicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial no rexistro do Concello.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera intre aclaración da documentación presentada.

A obtención e desfrute da praza falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impediran, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a exixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

**Sexto.- Tramitación e emenda de solicitudes**

A tramitación do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo asi, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP.

A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, e no portal de transparencia, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

**Sétimo.- Criterios de valoración**

A selección das solicitudes e asignación de prazas farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno/a, resultante de aplicar os seguintes criterios (a,b,c) :

a) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:ata un máximo de 4 puntos.

| NOTA FINAL INGLÉS 2º ESO | PUNTUACIÓN OUTORGADA |
|---|---|
| Nota final: 7 | 1 punto |
| Notal final: 8 | 2 puntos |
| Nota final: 9 | 3 puntos |
| Nota final: 10 | 4 puntos |

b) Para a consideración de familia numerosa de conformidade coa Lei 40/2003, de protección ás familias numerosas, aplicarase o seguinte baremo: ata un máximo de 2 puntos.

S.ord. 13/02/2026



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| FAMILIA NUMEROSA | PUNTUACIÓN OUTORGADA |
|---|---|
| **Categoría Xeral** | **1 punto** |
| **Categoría Especial** | **2 puntos** |

**Oitavo.- Determinación de "Unidades Familiares de Convivencia" e "consideración de membros da unidade familiar":**

Entenderase por unidade familiar de convivencia a formada polas/os nais/pais, titor/a do alumnado solicitante, outras situacións análogas, e tamén os irmáns solteiros e menores de 25 anos que dependan económicamente dos proxenitores e convivan no domicilio familiar, ou maiores desta idade, no caso de persoas dependentes, cunha discapacidade igual ou superior ao 33% (circunstancia que deberá acreditarse co documento xustificativo oportuno).

Cando non exista vínculo matrimonial nin rexistro de parellas de feito, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai ou persoa en situación análoga e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores.

A efectos do cálculo das achegas familiares que corresponda aportar a cada familia, terán a consideración de membros da unidade familiar de convivencia, os/as seguintes:

- Os/as pais/nais non separados legalmente nin divorciados ou, no seu caso, o titor ou titores do alumnado solicitante.
- Os/as fillos/as menores de idade coa excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as, as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as menores de 25 anos, dependentes economicamente dos proxenitores e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos/coas fillos/as que teñan en común.
- A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.
- Non terá a consideración de membro computable a persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación ou divorcio, excepto no caso de custodia compartida.
- Familias monoparentais: Enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor/a que non conviva con outra persoa coa que manteña unha rela-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

ción análoga á conxugal e os/as fillos/as ao seu cargo, nos seguintes supostos: a) Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario; b) As familias formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas; c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

A efectos do cálculo da renda per cápita, no caso de unidade familiar monoparental, no cómputo de membros, engadirase 1 membro máis na unidade familiar, sempre que se achegue acreditación documental desta situación expedida pola administración competente.

A efectos do cálculo da renda per cápita, no caso de que algún membro da unidade familiar de convivencia teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, no cómputo de membros, engadirase 1 membro máis sempre que se achegue acreditación documental desta situación expedido pola administración competente.

**Noveno.- Determinación de achegas familiares**

A determinación de achegas familiares  asignarase segundo os tramos de renda per cápita anual da unidade familiar recollido na seguinte táboa, e  para o cálculo da mesma, terase en conta a última Declaración da Renda, da cal se suman as casillas da Base impoñible xeral máis a Base impoñible do aforro e o resultado divídese entre o número de membros que integran a unidade familiar. Esta cifra resultante constitúe a Renda per Cápita Anual.

| TRAMOS RENDA PER CÁPITA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR | ACHEGA FAMILIAR |
|---|---|
| **Ata 8.000,00.-€** | **Exento** |
| **Entre 8.001,00.-€ e 11.000,00.-€** | **320.-€ (equivale ao 10% custe da praza)** |
| **Entre 11.001,00.-€ e 14.000,00.-€** | **480.-€ (equivale ao 15% custe da praza)** |
| **Entre 14.001,00.-€ e 17.000,00.-€** | **640.-€ (equivale ao 20% custe da praza)** |
| **Maior de 17.000,00.-€** | **800.-€ (equivale ao 25% custe da praza)** |

Para os efectos do cómputo das rendas, teránse en conta:

a) As dos pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.

b) As dos proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida.

c) As dos/das irmáns/ás do/da solicitante maiores de 16 anos e menores de 25, sempre que dependan económicamente dos proxenitores e convivan no domicilio familiar.

d) As da persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación coa que consta na declaración do IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación acreditativa correspondente.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

Ás familias que non autoricen nin aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles a achega máxima de aportación familiar, e figurarán ao remate da lista cos empatados á mesma puntuación, e si fóra o caso dando prioridade ao solicitante de maior idade.

**Décimo.- Comisión de valoración**

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, que actuará de presidenta, a Xefa do Servizo de Educación e un Técnico do Servizo de Educación que actuará como secretario.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan nesta convocatoria, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional para a participación no "Vigo en Inglés 2026", na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da praza, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a praza por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o "listado de suplentes", finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor do/a beneficiario/a da praza ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

A devandita resolución provisional será publicada nas webs oficiais do programa "https://escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "https://www.vigoeningles.org/convocatoria". O Servizo Municipal de Educación, mediante o envío dun sms ou correo electrónico, comunicará con antelación suficiente ás familias do alumnado a publicación nas citadas webs dunha nota informativa sobre a proposta de resolución das listaxes provisionais, que contará cun prazo de 10 días hábiles para a presentación a través do rexistro xeral do Concello de posibles reclamacións e/ou emendas de erros de advertidos.

Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria. O presidente poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro/a asesor/a técnico/a ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

**Décimo primeira.- Concesión e resolución das prazas**

A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, e será efectuada segundo os criterios de baremación que figuran no punto sétimo destas bases. Polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza, reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe ao alumno/a solicitante dentro das 927 prazas que se van conceder.

No caso de se produciren empates na puntuación final, o criterio de desempate será a menor renda per cápita, e se este criterio non fora suficiente os empates resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerá a letra de prioridade do 1º apelido. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel que tendo en conta a orde de extracción, o seu primeiro apelido comence pola letra extraída. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. Logo do sorteo e de persistir o caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, formarase unha única lista de suplentes ordenada por puntuación final obtida e renda per cápita, para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial de alumnado con praza adxudicada. De existir prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de lista de suplentes.

Con carácter excepcional, aquel alumnado que ao rematar a implementación do programa "Vigo en Inglés 2026", continúe incluído nunha lista de alumnado suplente, podería disfrutar de praza na seguinte edición deste programa municipal, sempre e cando concurrra a circunstancia de que sobren prazas na correspondente edición. A posible inclusión final na lista de alumnado suplente "Vigo en Inglés 2026", non implica a adquisición de dereito algún para obter praza noutra edición.

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, e examinadas e resoltas as alegacións achegadas polos/as interesados/as, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución definitiva que incluirá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, DNI anonimizado e puntuación obtida, e resolución das prazas, indicando o estado de: Adxudicada, lista de suplentes ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega.

Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas o Servizo de Educación publicará a relación de adxudicatarios/as na súas páxinas web oficiais "https://escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "https://www.vigoeningles.org/convocatoria".

O Servizo Municipal de Educación, mediante o envío dun sms ou correo electrónico, comunicará con antelación suficiente ás familias do alumnado con praza adxudicada a resolución concreta no referente á achega familiar correspondente (exento/a de pago ou con pagamento pola contía asignada)

**Décimo segunda.- Aceptacións e renuncias**

As listas definitivas de solicitudes adxudicadas, denegadas ou en lista de suplentes serán publicadas nas webs do programa "https://www.escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "https://www.vigoeningles.org/convocatoria". Os/as alumnos/as aos que se lles adxudiquen as prazas definitivamente, previo acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local, deberán proceder a realizar a aceptación, e correspondente pago de se lo caso, ou renuncia da praza no prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación das listas definitivas nas páxinas web do programa:

**- Exentos de pago-** Tramitarán vía telemática no sitio web "https://vigo.org/vigo-ingles" a aceptación expresa da praza, xerando un formulario de autoliquidación cero.
**- Con achega familiar-** Tramitarán vía telemática no sitio web "https://vigo.org/vigo-ingles" a aceptación expresa da praza, e realizarán o pagamento da contía asignada de achega familiar, ben a través da pasarela bancaria ou xerando o recibo de pago para posteriormente efectuar o mesmo de xeito presencial nas entidades bancarias pertinentes.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

A non xustificación da aceptación da praza mediante a tramitación do formulario de autoliquidación 0 (para aqueles exentos de pago) ou do ingreso da cantidade indicada (para aqueles con achega familiar asignada), dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á praza adxudicada.

Os beneficiarios/as con pagamento efectuado non terán dereito á devolución da cantidade aboada no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante documental do motivo:

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico)
- Motivos familiares, enfermidade, accidente grave, falecemento dun familiar ou outros (deberá achegarse xustificación do motivo)

Inda que se teña aceptado a praza ou realizado o pagamento, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 4 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña en vigor a documentación necesaria para a realización da viaxe, poderá perder a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada na lista de suplentes.

Con antelación suficiente á data de realización da viaxe, o Servizo Municipal de Educación enviará a cada centro educativo unha relación do alumnado do seu centro participante no programa na que figure nome e apelidos, lugar de inmersión lingüística e datas de ida e volta das viaxes, polo que cómpre que aqueles alumnos/as que resulten adxudicatarios/as definitivos e teñan previsto cambiar de centro educativo para o seguinte curso lectivo escolar, comuniquen coa debida antelación esta circunstancia ao servizo municipal de educación, coa finalidade de poder trasladar a información concreta actualizada ao seu novo centro educativo.

**Décimo terceiro.- Expulsión do programa**

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno/a do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas establecidas. Poderán ser motivos de expulsión inmediata os seguintes:

- O incumprimento das leis do país ao que viaxan en que se desenvolve o programa.

- O incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento das actividades.

- O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.

- O consumo ou a posesión de drogas ou substancias ilegais.

- Automedicación sen autorización médica.

- Condutas disruptivas e/ou comportamentos asociais.

- Comportamentos contrarios ás normas de convivencia nos diferentes eidos onde se desenvolven as actividades.

- Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.

No caso de expulsión, o/a expulsado/a deberá facerse cargo dos gastos da viaxe ocasionados polo seu regreso anticipado, así como de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas. Igualmente, no caso do alumnado que se atope realizando a estadía e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, a persoa solicitante asumirá os gastos ocasionados polo seu regreso anticipado.

**Décimo cuarto.- Reclamacións**

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

**Décimo quinto.- Tratamento de datos de carácter persoal**

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o "Programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo – Vigo en Inglés 2026".
O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos serán obxecto de cesión á empresa adxudicataria do Programa municipal de inmersión lingüística, que asume expresamente as responsabilidades que como encargada do tratamento deses datos lle corresponden. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).
Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

**Décimo sexto.- Disposición final**

A presentación da solicitude para a participación no programa, implica o coñecemento e a aceptación expresa das presentes bases desta convocatoria, así como de cada unha das resolucións que se adoiten ao longo do desenvolvemento do proceso de selección.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

**5(91).-INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVIZO POR CURSO BÁSICO PARA O ACCESO Á CATEGORÍA DE OFICIAL DE POLICÍA LOCAL NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. EXPTE. 904/2153.**

Visto o informe de fiscalización do 02/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/01/2026, asinado polo intendente-xefe da Policía Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

**I.-** Con data 13/12/2024, a Xunta de Goberno Local, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2024 (exped. 43395/220 ) publicacións oficiais no BOPPO núm. 246 de data 19/12/2024, e DOG núm. 34 de 19/02/2025.

**II.-** Con data 02 de xullo de 2025 foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 125, a Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte do 26 de xuño de 2025, pola que se convocou o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía.

**III.-** Con data 11 de novembro de 2025 foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 218 a Resolución do 31 de outubro de 2025 da Academia Gallega de Seguridad Pública, pola que se convoca o curso básico selectivo para o acceso a categoría de policía, escala básica, dos corpos de Policía local de Galicia, correspondente a decimoctava promoción.

Segundo dita Resolución, o curso terá unha duración de 1.400 horas lectivas, 900 horas de formación na Agasp en réxime de internado na Sede da Academia Galega de Seguridade Pública, Rúa da Cultura s/n A Estrada ( Pontevedra), en sesións de maña e tarde, de luns a sábado, e 500 horas de prácticas nos respectivos concellos de procedencia.

Este curso desenvolverase entre o 2 de xaneiro de 2026 e o 9 de outubro de 2026

– Na Academia, en dous períodos:

- Do 02 de xaneiro ao 26 de xuño de 2026.
- Do 5 ao 9 de outubro de 2026.

– Nos concellos de procedencia realizando o período de prácticas:

- do 27 de xuño ao 4 de outubro de 2026.

Tendo en conta os dous períodos teóricos establecidos, así como a data de incorporación á AGASP dos funcionarios en prácticas, o número máximo de días de estadía dos alumnos en formación é de **148 xornadas por alumno** ( os sábados lectivos indicaríanselle aos alumnos coa debida antelación )

| ***Xaneiro*** | ***Febreiro*** | ***Marzo*** | ***Abril*** | ***Maio*** | ***Xuño*** | ***Outubro*** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 25 días | 23 días | 25 días | 24 días | 25 días | 21 días | 5 días |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

**IV.-** Mediante Resolución do 03 de decembro de 2025 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se fai pública a adxudicación de prazas do proceso de acceso por oposición libre nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, convocado por Orde do 31 de maio de 2024, publícase a relación das 8 prazas coas persoas aprobadas que elixiron o Concello de Vigo.

| | APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|---|
| **1** | *Santos Fernández, Borja* | ***4574**** |
| **2** | *Fernández Santamaría, Sergio* | ***4821**** |
| **3** | *Bouzón Extremadouro, Guillermo* | ***0130**** |
| **4** | *Casas Álvarez, Sergio* | ***1795**** |
| **5** | *Soto Prado, Ana María* | ***1286**** |
| **6** | *Lago Alvarado, Dalia Elizabet* | ***5813**** |
| **7** | *Castro López, Naiara* | ***3080**** |
| **8** | *López Méndez, Fabián* | ***3091**** |

**V.-** Con data 19 de decembro de 2025 en Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, noméanse como funcionarios en prácticas, na categoría de policía Local, grupo C1, con cargo as prazas da oferta de emprego (OPE) do 2024 (expte.47942/220)

**VI.**- Da relación das 8 persoas que elixiron como destino o Concelle de Vigo, a totalidade terán que facer o curso básico selectivo.

**VII.-** Non lles corresponden percibir dieta de aloxamento, ao estar sufragado pola Academia Galega de Seguridade Pública.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**I.**- A Lei 4/2007, de 20 de abril de Coordinación das Policías Locais de Galicia, establece que o ingreso na categoría de policía require, ademais da superación das probas selectivas establecidas na convocatoria, a aprobación dun curso selectivo de formación na AGASP e a superación dun período de prácticas.

**II.**- Artigos 7, 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo

**III.**- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I, pertencen ao grupo 3, e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo a dieta de manutención acadaría o custe de 28,21 euros día/persoa e 14,11 euros día/persoa por razón de media dieta de manutención.
O período lectivo na AGASP de 900 horas pode xerar ata un máximo de 148 días de estancia, dos cales 123 podería ser días con dereito a dieta enteira de manutención e 25 días con



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 51 de 86 |
|---|---|---|
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

dereito a media dieta de manutención, xenerando un **gasto total de manutención** para os 8 funcionarios en prácticas de **30.580,64 euros** (por persoa de 3.822,58) :

- O custo das dietas enteiras de manutención (123 días) ascendería a 27.758,64 euros (3.469,83 €/ policía).
- O custo das medias dietas de manutención (25 días) ascendería a 2.822,00 euros (352,75 € / policía).

**VI.-** De acordo coa clasificación do persoal do anexo **I** e as contías actualizadas do Anexo **II** do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, e pola Orde HFP/793/2023 do 12 de xullo, de indemnizacións por razón de servizo, por razón do gasto por uso de vehículo particular, a indemnización a percibir acadaría 0,26 euros/Km.

O percorrido entre o Concello de Vigo e a sede da AGASP na A Estrada (Pontevedra) é de 78,20 Km, e tendo en conta que con carácter xeral os traxectos a realizar son dous por semana lectiva, a excepción de aquelas semanas con festividades (nacionais, autonómicos e locais da A Estrada), estímase que o número máximo de viaxes por funcionario/a en prácticas poderá ser de 52, o que suporía un gasto máximo de 1.057,26 € por persoa facendo un total de **8.458,08 €.**

| ***quilómetros*** | ***Prezo quilómetros*** |
|---|---|
| 52 viaxes x 78,20 km por viaxe = 4.066,40 quilómetros | 0,26 € x 4.066,40 € = 1.057,26 € X 8: **8.458,08 €** |

**IV.**- Tendo en conta as viaxes indicadas no apartado anterior e segundo as tarifas por peaxe publicadas na web da mercantil Audasa vixentes no ano 2026, concesionaria da AP 9, en concepto de peaxes (Vigo / Carracedo) por vehículo lixeiro é de 8,50 euros, sendo o gasto máximo dos funcionarios/as en prácticas en peaxes de **3.536,00 euros** (425,00 €**/** funcionario en practicas).

| ***Viaxes*** | ***Peaxes prezo*** |
|---|---|
| 52 viaxes por persoa | 8,50 € X 52 viaxes = 442,00 € persoa X 8 funcionarios en practicas= **3.536,00 €** |

No obstante, para o abono dos importes en concepto de uso de vehículo particular para o desprazamento á Academia Galega de Seguridade Pública, é necesaria a xustificación do uso do vehículo e do gasto en peaxes (mediante “ticket factura” da empresa concesionaria).

**V**.- Nas seguintes aplicacións orzamentarias e na bolsa de vinculación ou nivel de vinculación xurídica dos créditos autorizados existe crédito adecuado e suficiente:

- 1320.2302001 (axudas custo Policía Escola Galega de Seguridade).
- 1320.2312000 (locomoción do persoal non directivo).

En virtude de cantos antecedentes se expoñen, o funcionario que subscribe ven en elevar á Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a seguinte PROPOSTA de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar o gasto de **42.574,72 euros €** con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- AXUDAS CUSTO POLICÍAS ESCOLA GAL. SEGURIDADE: **30.580,64 €** á aplicación 1320.2302001, onde existe crédito adecuado e suficiente, en concepto de gastos de dietas de manutención.
- LOCOMOCIÓN DO PERSOAL NON DIRECTIVO, aplicación 1320.2312000: **11.994,08 €** á aplicación 1320.2312000, onde existe crédito adecuado e suficiente, en concepto de indemnización por uso de vehículo particular.

A prol das persoas adxudicatarias das prazas do Concello de Vigo, do proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, convocado por Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte do 26 de xuño de 2025, que figuran na táboa 1 do seguinte punto, correspondente á oferta de emprego público do ano 2025 (exped. 43395/220 ) acordado pola Xunta de Goberno Local, con data 13/12/2024, pola duración do preceptivo curso básico nas instalacións da Academia Galega de Seguridade.

**SEGUNDO.-** O abono farase con carácter mensual previa xustificación pola AGASP da asistencia diaria dos funcionarios en prácticas ás clases e polos dos funcionarios en prácticas do uso do vehículo particular .

Táboa 1.

| **PERSOAS ADXUDICATARIAS AS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL QUE DEBEN FACER O CURSO SELECTIVO NA AGASP – OEP 2024** | | | |
|---|---|---|---|
| | **APELIDOS** | **NOME** | **DNI** |
| 1 | Santos Fernández | Borja | **4574*** |
| 2 | Fernández Santamaría | Sergio | **.8210*** |
| 3 | Bouzón Extremadouro | Guillermo | **0130*** |
| 4 | Casas Álvarez | Sergio | **1795*** |
| 5 | Soto Prado | Ana María | **1286*** |
| 6 | Lago Alvarado | Dalia Elizabet | **5813*** |
| 7 | Castro López | Naiara | **3080*** |
| 8 | López Méndez | Fabián | **3091*** |

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 53 de 86 |
|---|---|---|
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**6(92).-DECLARAR DESERTA A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 47083/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/02/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**1.-** En data 14/08/2025 Xunta de Goberno Local prestou aprobación á convocatoria e bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) mediante o sistema de libre designación.

Trala publicación das bases no BOPPO núm. 159, do 20 de agosto do 2025, e de extracto de anuncio do DOG núm. 195, do xoves 9 de outubro do 2025, foi publicada no BOE núm. 248, do mércores 15 de outubro do 2025, a convocatoria de provisión do posto, e procedéndose á apertura do prazo de presentación de instancias, que rematou o día 05/11/2025 segundo o certificado de exposición ao público que obra incoporado ao expediente.

**2.-** Durante o prazo de presentación de instancias e segundo consta nos trámites 44 a 46 do expediente, constan presentados os aspirantes seguintes:

-PEREIRA LÓPEZ, M., con DNI *9*5**1** (documentos nºs 250297818)

-DOMÍNGUEZ LÓPEZ, G., con DNI *6**5*5** (documentos nºs 250308866 e 250308815)

**3.-** Consta informe de verificación de aspirantes e de cumprimento dos requisitos, consonte o disposto no artigo 27.1 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, emitido en data 28/01/2026, acreditando a idoneidade preceptiva.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.-MARCO NORMATIVO REFERENCIAL DE APLICACIÓN**

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico do empregado público.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- **a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos)
- **b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidad Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- **c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais: Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- **d)** Regulamentos e ordenanzas locais.
- **e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal funcionario do Concello de Vigo e Convenio colectivo do persoal laboral integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 28.12.1998)

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Primeira.- Do postos de traballo obxecto de provisión

O posto de traballo convocado (Xefatura do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de Salvamento) atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo publicado no o Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 183, do 19.09.2024) e en situación de vacante, tendo asignado como sistema de provisión o de libre designación.

### Segunda.- Da libre designación

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, determine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto. Concretamente o artigo 27.1 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico determina “*Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, que non poderá ser inferior a quince días hábiles, o órgano convocante, por proposta/informe da persoa titular do centro directivo a que estea adscrito o posto convocado, poderá, de forma discrecional:*

*a) Adxudicar o posto a calquera das persoas funcionarias de carreira solicitantes, sempre que reúnan os requisitos exixidos para o seu desempeño,*

*b) ou declarar deserta a convocatoria, por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude.*

*O órgano competente para a adxudicación dos postos poderá solicitar a intervención de especialistas que permitan apreciar a idoneidade das persoas candidatas”.*

**Terceira.- Idoneidade dos candidatos**

Consta no expediente informe de data 28/01/2026, emitido pola instrutora do expediente, no cal se indica o seguinte:

*"Tendo sido tramitado o procedemento de referencia, pola presente faise constar o seguinte:*

*1.- Que durante o prazo de presentación de instancias e segundo consta no expediente 47.083-220 constan presentados os aspirantes seguintes:*

*-PEREIRA LÓPEZ, M., con DNI *9*5**1** (documento nº 250297818)*

*-DOMÍNGUEZ LÓPEZ,. G., con DNI *6*5**5** (docs. nºs 250308815 e 250308866)*

*2.- Que segundo a base terceira -"Requisitos de participación" das bases rectoras da convocatoria, as persoas aspirantes deben reunir os requisitos seguintes:*

***"a) Ser persoal funcionario de carreira da Escala de Administración Especial, subescala de Extinción de Incendios, Servizos Especiais, Cometidos especiais, de calquera das Administracións Públicas, pertencente ao grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación, da Escala de Administración Especial****, calquera que sexa a súa situación administrativa agás a da suspensión de funciones, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

*b) Estar en posesión da titulación requirida.- titulación do seguinte grupo de titulación determinado na RPT:*

*1.- Grao ou equivalente*
*2.- Título de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a, F.P. 3 ou*
*equivalente."*

*3.- Que comprobada a documentación aportada, verifícase o seguinte:*

*a) Aspirante PEREIRA LÓPEZ, M., con DNI *9*5**1**(documento nº 250297818): non cumpre o requisito establecido na base Terceira, apartado a) ao non acreditar a pertenza á "**Escala de Administración Especial, subescala de Extinción de Incendios, Servizos Especiais, Cometidos especiais, de calquera das Administracións Públicas, pertencente ao grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación, da Escala de Administración Especial."***

*O aspirante acredita a pertenza ao Grupo de Artillería de Campaña da BRIGADA "GALICIA" VII, Exército de Terra, coa categoría de Capitán, unha longa traxectoria castrense e unha notable especialización e preparación; así como experiencia no desempeño de servizos na Unidade Militar de Emerxencias (UME); todo elo acreditado en certificación expedida polo Ministerio de Defensa, invocando a titulación de Grao en Enxeñería Industrial na documentación aportada.*

*b) Aspirante DOMÍNGUEZ LÓPEZ,. G., con DNI *6*5**5** (docs. nº s 250308815 e 250308866): O aspirante acredita especialización e preparación, así como a experiencia como oficial xefe do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Vigo dende o 01/01/2016, segundo certificación de servizos previos expedida polo Concello de Vigo en data 03/12/2025; e aporta documento acreditativo (certificación) da pertenza á "**Escala de Administración Especial, subescala de Extinción de Incendios, Servizos Especiais, Cometidos especiais, de calquera das Administracións Públicas, pertencente ao grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación, da Escala de Administración Especial"***

*Indícase que se ten detectado pola Instrutora asinante a concorrencia dun erro no informe técnico que se certifica na certificación datada o 03/11/2025, asinado tamén o 03/11/2025 (trámite 11 do expediente nº 47.700-220); expedíndose nova certificación correxida, en base ao novo informe técnico rectificando o erro, asinado o 03/12/2025 (trámite 27 do mesmo expediente nº 47.700-220). Rectificado polo técnico o erro no informe que se certifica, expídese en consecuencia nova certificación cos datos correctos. Dito erro consistía en recoller a pertenza ao "subgrupo A1" de titulación do aspirante Sr. Domínguez López, cando consta a pertenza ao subgrupo A2 de titulación da praza de Oficial de Extinción de Incendios da cal é titular, segundo a oferta de emprego público correspondente ao ano 2002 (BOE núm. 39, do venres 14 de febreiro do 2003) e as bases e convocatoria da oferta de emprego público asociada (BOPPO núm. 84, do luns 5 de maio do 2003)*

*Consta que a certificación correcta co erro subsanado foi notificada ao aspirante interesado en data 04/12/2025, sen que conste a súa aportación, sequera extemporánea, ao procedemento de provisión en curso.*

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

*O interesado invoca estar en posesión da titulación de "diplomatura en Física pola Universidade de Santiago de Compostela" (v. documento denominado "curriculum vitae" obrante no trámite 4 do doc. 250308866, data de sinatura electrónica polo interesado 05/11/2025) indicando tamén no mesmo documento o seguinte:*

*"Recoñecemento do MEC de data 06/05/1998. Pendente de equivalencia a Grao segundo o RD 889/2022, do 18 de outubro. "*

*Aporta tamén (trámite 7 do mesmo doc. 250308866) copia de certificación do Ministerio de Cultura de data 6 de maio de 1998 pola cal se certifica, a petición do interesado, a equivalencia ao título de Diplomado Universitario o ter superado tres cursos completos dunha Licenciatura.*

*Comprobado o expediente persoal do interesado no Concello de Vigo, consta unha copia simple compulsada por fedatario público municipal en data 6 de febreiro do 2004 de certificación académica persoal expedida pola facultade de Ciencias da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) expresiva da superación de unha relación de asignaturas correspondentes ao primeiro, segundo en terceiro curso de Ciencias, sección físicas, de data 2 de outubro de 1997.*

*Este documento consta como o aportada polo interesado para a toma de posesión de 1 praza de Oficial de Extinción de incendios, incluida na sinalada oferta de emprego público do ano 2002 do Concello de Vigo, como persoal funcionario de carreira; toma de posesión realizada por decreto da Excma. Alcaldía de data 26 de novembro do 2003,*

*4.- **Que, sempre a salvo de erro ou omisión, infórmase pola Instrutora suscribinte a ausencia de constancia no expediente persoal de certificación expedida polo organismo público competente na cal se acredite a superación polo aspirante indicado da totalidade das asignaturas establecidas para os tres anos completos da Licenciatura correspondente, conforme ao Plan de estudios establecido na data da súa finalización ou do recoñecemento da equivalencia, en forma que se poda acreditar o cumprimento do requisito establecido nas bases da convocatoria (obriga de estar en posesión de "Título de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a, F.P. 3 ou equivalente."***

*5.- Que requerido tal aspirante ata tres ocasións (trámites 73, 86 e 101) o Sr. Domínguez López presenta na sede electrónica os documentos 250334476, 250340475 e 250340590. Neles aporta a mesma certificación xenérica que consta no seu expediente persoal (certificación do Ministerio de Cultura de data 6 de maio de 1998 pola cal se certifica, a petición do interesado, a equivalencia ao título de Diplomado Universitario o ter superado tres cursos completos dunha Licenciatura) así como dous documentos sen sinatura algunha (identificados como "Facultade de Ciencias asignaturas" e "plan de estudios e fontes") que non acreditan en forma adecuada ás bases rectoras da convocatoria que o concreto aspirante esté en posesión da titulación requerida para o acceso ao posto de traballo.*

*6.- O posto de traballo obxecto de convocatoria (Xefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, subgrupo A1/A2) está integrado na estrutura administrativa da área administrativo-funcional de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incen-*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

*dios, encadrada na Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.*

*A forma de provisión asignada ao mesmo pola relación de postos de traballo do Concello de Vigo (BOPPO núm. 183, do xoves 19 de setembro do 2024) establece que "son postos de provisión por libre designación con convocatoria pública aqueles postos cuxo contido e funcións responden a criterios de excepcionalidade que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de nivel 28 ou inferior segundo consta na memoria de data sinatura dixital 13.04.2022", determinando como criterio de excepcionalidade, entre outros, o seguinte (folio 29, punto 4):*

*"a) Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas".*

*Polo exposto, e á vista de que ningún dos dous aspirantes acredita o cumprimento da totalidade dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria, infórmase que* ***procede declarar deserta a convocatoria*** *ao abeiro do disposto no art. 27 do Decreto autonómico 151/2022, do 4 de agosto, xunto coa realización das actuacións tendentes a determinar:*

- *se o efectivo municipal Sr. D. G. Domínguez López dispón ou non da titulación académica oficial requerida para o desempeño do posto de traballo convocado, dado que non se atopa no rexistro de persoal documento adicional ao das copias simples das certificacións indicadas, que acreditan a superación de certas asignaturas de estudos universitarios na Universidade Nacional de Educación a Distancia, pero non que as mesmas correspondan a tres anos completos dunha licenciatura consonte ao Plan de Estudios vixente á data da súa realización.*

  *Non constando acreditado tal extremo polo interesado a pesares de ter sido requerido en tres ocasións.*

*O cal se informa aos efectos procedentes."*

**III.- COMPETENCIA**

O órgano competente para adopción do acordo é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

Polo exposto elévase á Xunta de Goberno Local, previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

*"**PRIMEIRO.-** Declarar deserta a convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo (posto de traballo código 2130102 da vixente relación de postos de traballo) en atención á motivación exposta no informe-proposta que antecede.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 59 de 86 |
| --- | --- | --- |
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

***SEGUNDO.-*** *Instar a realización das actuacións que se indican no informe da instrución do expediente de data de sinatura electrónica 28/01/2026 emitido no expediente, en garantía do debido cumprimento normativo nos procesos de provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo.*

***TERCEIRO.-*** *Ordear a publicación do presente acordo na forma establecida na normativa vixente.*

***CUARTO.-*** *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do Contencioso-Administrativo que resulten competentes, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(93).-NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DE DOUS SARXENTOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, QUENDA PROMOCIÓN INTERNA: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) 2020-2021-2022 (1ª FASE). EXPTE. 47881/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 10/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/02/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**Antecedentes**:

**I.-** O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade dúas prazas de Sarxento de extinción de incendios en réxime funcionarial e incluídas no subgrupo C1 de titulación, pola quenda de promoción interna, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondenteS aos anos 2020-2021-2022 (BOP nº 169 30/08/2024), na súa sesión de 26/11/2025, acordou:

*"**Primeiro.-** Propoñer o nomeamento como funcionarios en prácticas do concello de Vigo, con cargo ás prazas vacantes de SARXENTO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, enmarcadas no gruo C1 de titulación; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios, categoría, sarxento, ás seguintes persoas aspirantes, que superaron todos os exercicios do proceso selectivo e obtiveron as seguintes puntuacións totais:*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

| IDENTIDADE | DNI | FASE CONCURSO | 1º EXERC | 2º EXERC | PUNTUACION TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| C. A. GONZÁLEZ IGLESIAS | ***9375** | 6,55 | 8,00 | 6,63 | **21,18** |
| J. FUENTES DOMÍN-GUEZ | ***7371** | 6,50 | 7,80 | 6,63 | **20,91** |

...”

**II.-** O anuncio correspondente foi publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo o día 27/11/2025

**III.-** Segundo consta na dilixencia de constancia incorporada ao expediente: *“Os aspirantes propostos presentaron no devandito prazo a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases”*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Normativa de aplicación.-** -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  “*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

**II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de en prácticas en atención ao marco normativo vixente.**

De conformidade co previsto na Base IX das específicas, en relación coa base décimo quinta das xerais, as persoas aspirantes aprobadas unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 61 de 86 |
|---|---|---|
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario/a de carreira.

**III.- Observacións respecto da xornada e horario.**
En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instruccións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

**IV.- .- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**
O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**V. - Órgano municipal competente.**
De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Concelleira da Área de Goberno de Contratación, Seguridade, Festas e Xestión Municipal, segundo as coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade coas delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 28/06/2024, acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO**: Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Sarxento de Extinción de Incendios**, quenda promoción interna, enmarcadas no sugrupo C1 de titulación; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios, categoría, sarxento, incluídas nas OEP 2020-2021-2022 (1ª fase), aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

| IDENTIDADE | DNI | PUNTUACION TOTAL |
|---|---|---|
| C. A. GONZÁLEZ IGLESIAS | ***9375** | **21,18** |
| J. FUENTES DOMÍNGUEZ | ***7371** | **20,91** |

**SEGUNDO**.- De conformidade co previsto na Base IX das específicas, en relación coa base décimo quinta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en practicas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso selectivo, as retribucións que lles correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

**TERCEIRO**.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso selectivo contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais, o nomeamento como funcionarios de carreira, unha vez superado o referido curso selectivo, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**CUARTO**: Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**QUINTO**: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

**8(94).-DAR CONTA DA MEMORIA FINAL DAS MEDIDAS ADOPTADAS EN EXECUCIÓN DO PLAN DE INTEGRIDADE DE CONTRATACIÓN E PROPOSTA DE ELABORACIÓN UN II PLAN DE INTEGRIDADE DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 745/1102.**

Sométese a aprobación o informe-proposta do 10/02/2026, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

O Concello de Vigo conta cunha longa traxectoria en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno.

Así, por acordo do Pleno do 30 de marzo de 2015 aprobouse a integración na "Rede de Entidades Locais pola Transparencia e Participación Cidadá" da Federación Española de Municipios e Provincias (en diante FEMP).

Ademais, con data 30 de novembro de 2015 o Pleno da Corporación acordou a adhesión do Concello de Vigo ao Código de Bo Gobierno Local da FEMP.

Con posterioridade, foron desenvolvidos diversos instrumentos municipais relativos á transparencia e da administración electrónica, considerados piares do goberno aberto, como o Plan de Seguimento e Avaliación da Transparencia e o bo Gobierno Municipal ou o Plan de Transformación Integral da Administración municipal de Vigo.

Con ocasión Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI), a Xunta de Gobierno Local (en diante XGL) comprometeuse cos "principios de integridade, obxectividade e honestidade" ao adherirse, en sesión do 14 de xuño de 2018 á "Declaración institucional en materia antifraudes" da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. Na mesma sesión, aprobou o "Manual de procedementos", creando un Comité Antifraudes que avaliou riscos e propuxo medidas que foron xeneralizándose ao conxunto da contratación (expte. 3702-440).

Posteriormente, dentro do novo marco legal en materia contractual con motivo da aprobación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola cal se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) o Concello de Vigo aprobou o Plan de Integridade na Contratación Pública aprobouse polo Concello de Vigo.

En concreto, o artigo 1 do devandito texto legal establece os principios de integridade e transparencia entre os principios xerais clásicos aplicables á contratación pública e impón aos órganos de contratación novas deberes en materia de prevención e loita contra a fraude e outras ilegalidades.

Neste sentido o artigo 63 LCSP determina novas esixencias en materia de publicidade activa, fundamentalmente a través do "perfil do contratante", entendendo a transparencia como

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

medida preventiva transversal e, ao mesmo tempo, o artigo 64.1 da LCSP establece o deber dos órganos de contratación de adoptar "as medidas idóneas para loitar contra a fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de interese que poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores".

En orde á adopción das medidas preventivas sinaladas no art. 64 da LCSP, a XGL en sesión do 22 de novembro de 2018, acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación (expediente 439/1102) e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Gobierno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno.

A composición do Comité Técnico de Integridade na Contratación actualizouse por Resolución da Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data do do 3 de decembro de 2021 (en virtude da delegación por acordo da Xunta de Gobierno local do 12/12/2019) modificada en data 8 de xuño e 28 agosto de 2023.

**2.3.** A proposta do devandito Comité Técnico e da Concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Gobierno Local, en sesión do 12 de decembro de 2019 aprobou o Marco Estratéxico do Plan de Integridade, con catro liñas estratéxicas (LLE) e once obxectivos estratéxicos (OE).

| PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO<br>MARCO ESTRATÉXICO | | |
|---|---|---|
| LE.1 | TRABALLAR COAS PERSOAS | |
| | OE.1.1 | Aliñar e concienciar ás persoas |
| | OE.1.2 | Profesionalizar a contratación |
| | OE.1.3 | Asegurar a comunicación interna |
| LE.2 | SACARLLE PARTIDO Á TECNOLOXÍA | |
| | OE.2.1 | Non facer dúas veces o mesmo |
| | OE.2.2 | Establecer mecanismos de detección e alerta |
| | OE.2.3 | Proporcionar ferramentas TIC de apoio á práctica profesional colaborativa |
| LE.3 | RACIONALIZAR E REFORZAR A INTEGRIDADE NOS PROCESOS | |
| | OE.3.1 | Avaliar os riscos e as medidas |
| | OE.3.2 | Facilitar os procedementos |
| | OE.3.3 | Optimizar os procesos |
| | OE.3.4 | Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso |
| LE.4 | INTRODUCIR O CICLO DE MELLORA CONTINUA | |
| | OE.4.1 | Potenciar a planificación e a mellora continua |

S.ord. 13/02/2026

Ademais, acordou delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, co apoio técnico do Comité Técnico de Integridade na Contratación.

**2.4.** En desenvolvemento do Marco Estratéxico do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola XGL e en exercicio da competencia delegada, mediante resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 17 de decembro de 2019, aprobouse o Desenvolvemento Operativo do Plan de Integridade, cunha previsión inicial de dezanove obxectivos operativos (OO), aos que se incorporaba a súa respectiva ficha cos equipos de traballo, a programación temporal, a determinación de indicadores; e, o seu seguimento e avaliación a cargo tamén do Comité Técnico de Integridade.

| PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO<br>DESAGREGADO A NIVEL DE OBXECTIVOS OPERATIVOS | |
|---|---|
| **LE.1** | **TRABALLAR COAS PERSOAS** |
| **OE.1.1** | **Aliñar e concienciar ás persoas** |
| OO.1.1.1 | Aprobar unha declaración institucional de integridade |
| OO.1.1.2 | Aprobar un código de conduta |
| **OE.1.2** | **Profesionalizar a contratación** |
| OO.1.2.1 | Reorganizar e dotar o departamento de contratación |
| OO.1.2.2 | Capacitar en sistemas de prevención |
| **OE.1.3** | **Asegurar a comunicación interna** |
| OO.1.3.1 | Establecer unha canle de comunicación |
| **LE.2** | **SACARLLE PARTIDO Á TECNOLOXÍA** |
| **OE.2.1** | **Non facer dúas veces o mesmo** |
| OO.2.1.1 | Integrar Xestión de Expedientes coa Plataforma de Contratación (PLACSP) |
| OO.2.1.2 | Automatizar a remisión de datos aos órganos de control da contratación |
| **OE.2.2** | **Establecer mecanismos de detección e alerta** |
| OO.2.2.1 | Establecer un mecanismo de seguimento e alerta do propio sistema |
| OO.2.2.2 | Establecer un portal OPEN DATA |
| OO.2.2.3 | Abrir un buzón electrónico de alertas |
| **OE.2.3** | **Proporcionar ferramentas TIC de apoio á práctica profesional colaborativa** |
| OO.2.3.1 | Fomentar unha comunidade on-line de profesionalización |
| **LE.3** | **RACIONALIZAR E REFORZAR A INTEGRIDADE NOS PROCESOS** |
| **OE.3.1** | **Avaliar os riscos e as medidas** |
| OO.3.1.1 | Elaborar un mapa de riscos da contratación |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| | |
|---|---|
| **OE.3.2** | **Facilitar os procedementos** |
| OO.3.2.1 | Construir unha Instrución Xeral de contratación |
| **OE.3.3** | **Optimizar os procesos** |
| OO.3.3.1 | Revisar e ultimar as guías de tramitación electrónica |
| OO.3.3.2 | Elaborar os pregos de cláusulas administrativas xerais |
| **OE.3.4** | **Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso** |
| OO.3.4.1 | Aprobar modelos de declaración de ausencia de conflito de interese |
| OO.3.4.2 | Introducir cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas |
| OO.3.4.3 | Crear un Comité de Integridade Contractual |
| **LE.4** | **INTRODUCIR O CICLO DE MELLORA CONTINUA** |
| **OE.4.1** | **Potenciar a planificación e a mellora continua** |
| OO.4.1.1 | Programar a contratación procurando a súa mellora global |

**2.5.** En relación coa programación temporal, seguimento e avaliación do plan, esta foi encomendada ao Comité Técnico de Integridade na Contratación. A previsión temporal quedou inevitablemente alterada a causa da situación de emerxencia sanitaria motivada polo COVID-19, o que motivou que o Comité Técnico do Plan de Integridade de Contratación retomase os traballos en data 4 de novembro de 2021, considerara ampliados os prazos de execución, seguimento e avaliación, e quedase superada a previsión inicial de duración do plan.

**2.6.** En data 5.11.2025 o Comité Técnico de Integridade na Contratación consensuou a memoria final da medidas adoptadas en execución do Plan de Integridade de Contratación dando por rematado o Plan de Integridade de Contratación aprobado pola Xunta de Goberno local en data 12 de decembro de 2019, . Dita memoria elevouse a  concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Festas ,Contratación e Xestión Municipal.

Do Plan de Integridade de Contratación

O Plan de Integridade na Contratación Pública do Concello de Vigo constituíu un instrumento estratéxico para reforzar a transparencia, a eficiencia e a ética pública na xestión contractual municipal. A súa execución, desenvolvida entre 2019 e 2024, permitiu mellorar un modelo organizativo  baseado na planificación, a estandarización e a mellora dos procesos co uso de ferramentas tecnolóxicas, cun grao de execución global estimado entre o 78% e o 86% (Executáronse 14 dos 19 obxectivos operativos, executáronse parcialmente 4, un deles tras a súa reformulación, cancelouse un). Así mesmo, da súa memoria podemos concluír o seguinte:

**Principais resultados:**

- ✔ Racionalización de procesos: A aprobación de guías específicas de tramitación (contratos menores, prórrogas, modificacións, execución, etc.) reduciu tempos, homoxeneizado procedementos e reforzado a seguridade xurídica, favorecendo unha actuación coherente en todos os servizos municipais.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

- ✔ Automatización e integración tecnolóxica: Implantouse unha metodoloxía avanzada de tramitación electrónica que xera informes automáticos e diarios sobre a contratación menor, con desagregación por servizo, adxudicatario e importe, publicados no portal de transparencia e no portal Open Data.
- ✔ Planificación e control: A redución dos contratos menores (de 2.509 en 2019 a 1.403 en 2024) e o incremento do control previo e fiscalización (de 330 a 500 informes de intervención) reflicten unha mellora estrutural na xestión e na disciplina orzamentaria.
- ✔ Cumprimento normativo e ética pública: Vigo anticipouse ás esixencias dos plans antifraudes do PRTR e á Lei 2/2023, creando unha canle de alertas en materia de contratación pública xa en xaneiro de 2022, xestionado polo Comité de Integridade Contractual, con trazabilidade e confidencialidade garantidas.
- ✔ Avaliación mediante indicadores: O cadro de mando e o test de autoavaliación antifraudes 2024 (91,01 puntos, risco baixo) evidencian a madurez do sistema de control e a efectividade do modelo de integridade implantado.

**Factores de implantación**

O Plan demostrou que a eficacia non depende necesariamente da dispoñibilidade de recursos extraordinarios, senón dun deseño tecnicamente sólido, organizativamente asumible e xuridicamente apoiado polo marco normativo vixente. A clave do éxito residiu na vontade de cumprimento institucional, a coordinación técnica e a aposta pola mellora continua.

Así mesmo, como orientacións de futuro, o Comité Técnico da Contratación tal e como reflicte a memoria (apartado VII), considera

**“*Primeira. Leccións aprendidas e factores de éxito***

*O Plan evidenciou que moito medidas eficaces non requiren grandes recursos, senón un deseño tecnicamente viable, organizativamente asumible e apoiado en ferramentas proporcionadas polo marco normativo vixente. A planificación estratéxica, a estandarización de procedementos e a integración tecnolóxica son elementos replicables noutras áreas, mentres que a consolidación da cultura ética depende da continuidade do compromiso institucional.*

***Segunda. Ámbitos de mellora***

*O seguimento continuo do Plan permitiu detectar áreas con marxe de mellora:*

- *Reforzar a avaliación de impacto real das medidas implementadas, incluíndo a percepción cidadá e a experiencia dos operadores económicos.*
- *Consolidar a planificación estratéxica de recursos humanos, adaptándoos ás novas esixencias normativas e tecnolóxicas*
- *Ampliar as funcionalidades do cadro de mando con novos perfís e maior granularidade de análise.*
- *Profundar na xestión anticipada do risco, mediante sistemas preditivos e análises multifonte.*
- *Persisten desafíos vinculados á comunicación interna, a avaliación periódica de riscos e a sustentabilidade dos mecanismos de seguimento. Recoméndase fortalecer a participación do persoal técnico e establecer indicadores de impacto máis cualitativos.*

***Terceira. Nova fase de planificación e diagnóstico actualizado***

*Coa finalización do presente Plan, alcanzouse un nivel de experiencia suficiente para afrontar unha nova fase de planificación, de acordo co principio de mellora continua como enfoque estratéxico adoptado:*

- *Resulta necesario realizar un diagnóstico actualizado que avalíe a evolución da xestión, identifique novos riscos e determine oportunidades de mellora. Este diagnóstico servirá de base para a actualización das fontes de deseño, a adaptación ao novo*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

*marco normativo e a formulación dun segundo Plan de Mellora, orientado a consolidar os avances logrados en materia de integridade, eficiencia e transparencia.*

- *Resulta necesario determinar con claridade os labores do Comité de Integridade Contractual, a súa composición e suplencias, así como o seu réxime de funcionamento, para o novo ciclo.*
- *Igualmente debe salientarse a aplicabilidade das medidas antifraudes dos fondos europeos ao conxunto da actividade municipal e difundilas.*
- *Integración avanzada de datos.*
- *Potenciar a interoperabilidade de sistemas, a automatización intelixente e a xeración de indicadores estratéxicos para o seguimento e a avaliación continua.*
- *Formación especializada: desenvolver itinerarios formativos diferenciados segundo perfís técnicos e directivos, reforzando a ética pública como eixo transversal da xestión.*
- *Implantación efectiva da caixa de correos ética prevista no Código de Conduta e en consonancia con V Plan de Gobierno Aberto.*
- *Dedicación de medios.*

***Cuarta. Orientacións estratéxicas e sostibilidade***
*O Plan de Integridade non constitúe un proxecto illado, senón un instrumento vivo que impulsa a mellora continua da contratación pública municipal. A súa sustentabilidade futura dependerá da vontade política, o soporte técnico adecuado e un seguimento constante que asegure a consolidación dos avances alcanzados. O Comité recomenda manter o compromiso cos principios de transparencia, legalidade, eficiencia e ética pública, garantindo que os logros obtidos sirvan de base para unha xestión cada vez máis íntegra, moderna e responsable.*
*A avaliación mostra avances significativos, pero tamén evidencia que a integridade require unha vixilancia constante. A consolidación dunha cultura ética depende de manter a coherencia entre os procedementos e a conduta cotiá dos membros da institución"*

E por isto que, a vista das  conclusións e proposta de áreas de mellora reflictidas na memoria final  estímase convinte ao interese xeral  a elaboración dun novo Plan de integridade na Contratación Pública do Concello de Vigo.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación segundo a DA 2ª da LCSP a adopción do seguinte **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Dar conta da memoria final da medidas adoptadas en execución do Plan de Integridade de Contratación desenvolvidas entre 2019 e 2024.

**SEGUNDO.-** Prestar conformidade a elaboración dun II Plan de de integridade na Contratación Pública do Concello de Vigo.

**TERCEIRO.-** Delegar na concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Festas ,Contratación e Xestión Municipal a competencia en materia da xestión e tramitación do II Plan de de integridade na Contratación Pública do Concello de Vigo.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

**9(95).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 6679/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/02/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 27.01.2024 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de “HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO” a favor da empresa favor da empresa GALAICONTROL, S.L

**II.-** A devandita empresa, trala fase de supervisión do borrador presentado, presenta documento de proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dna. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS TRINTA E OITO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS. (638.356,55 €).

**III.-** O xefe da Área de Servizos Xerais o día 14.03.2025 informou que o documento presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o día 17.03.2025 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** A actuación localízase na rúa Dona Fermina, no tramo que da acceso á ermida da Guía. As obras a executar son as seguintes:

- Demolición da estrutura en beiril da pasarela peonil e das construcións que se atopan baixo a mesma, actualmente en desuso.
- Demolición da antiga cafetería e acondicionamento do camiño en terras que da acceso á mesma.
- Redistribución do vial cunha nova sección transversal, transformándoo nun espazo de prioridade peonil con tráfico vehicular restrinxido en rasante única.
- Renovación do pavimento do vial en en formigón con árido visto (desactivado) e repavimentación da rampla de acceso ao cruceiro.
- Renovación da rede de iluminación e instalación de unha nova iluminación tipo LED.
- Instalación de nova rede eléctrica para poder independizar o alumeado dos servizos públicos do Parque de aqueles que non o son (a Capela e a súa contorna).
- Instalación dunha nova rede semafórica para a regulación do tráfico.
- Instalación de rede de rego.
- Instalación de varanda, mobiliario e plantación de zona verde.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son conseguir unha recuperación e mellora do espazo urbano no acceso á ermida, resolvendo os problemas de seguridade e adaptando a sección da rúa a uns criterios de integración na contorna patrimonial e natural no que se atopa, potenciando o espazo do peón fronte ao do coche, recuperando a rúa como espazo

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

de relación entre as persoas e medio urbano, e dotando ao ámbito de de novos servizos urbanos e novo mobiliario.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na  sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CINCO (5) MESES.

**V.-** Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude do día 16.12.2025, por afectar as ditas obras ao contorno de protección da ermida da Guia e cruceiro da ermida no parque. (GA36057001).

Asemade, consta tamén no expediente, resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de do día 23.12.2025, pola que se autoriza o proxecto de sondaxes arqueolóxicas para o proxecto de humanización do acceso á ermida da Guía, coa afección dos xacementos de Castro do Monte da Guía (GA36057001).

**VI.-** A enxeñeira industrial e a enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite os días 26 e 27.01.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*“(...)*
*O planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.*

*Segundo indica o proxecto no seu Anexo nº04 – Ordenación urbanística, o ámbito das obras está localizado en solo clasificado como solo rústico de protección patrimonial e atópase dentro dun plan especial de infraestrutura e dotacións (307). As actuacións definidas no proxecto adáptanse ás especificacións descritas en ambos os plans. Atópase dentro do ámbito do Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia e está afectado polo Plan de Ordenación Litoral, clasificado en ambos os documentos como unha área de Mellora Ambiental e Paisaxística (AMAP). As actuacións deseñadas considéranse compatibles coas permitidas nesta área, xa que se elimina a estrutura do miradoiro (actualmente un elemento degradante) e favorécese a integración paisaxística.*

*Segundo indica o proxecto no seu Anexo nº04 – Ordenación urbanística, a actuación atópase dentro do ámbito de protección de elementos catalogados,*
- *O Castro do monte dá Guía (GA36057001), de tipo arqueolóxico*
- *A Ermida dá Nosa Señora dás Neves, de tipo arquitectónico,*
- *Cruceiro da guía no parque, de tipo etnolóxico.*

*O proxecto de obra consta de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 16/12/2025, polos motivos sinalados nos puntos 3 e 4 do apartado*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 71 de 86 |
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*Antecedentes da resolución. O proxecto arqueolóxico para a realización das sondaxes consta de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 23/12/2025.*

*Segundo indica o proxecto no seu Anexo nº04 – Ordenación urbanística, as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, se ben ditas obras en ningún momento presentan unha altura superior á xa existente de luminarias e demais elementos que conforman o perfil da zona. En consecuencia, enténdese que non é preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente na súa contorna.*

*O Anexo nº12 – Afección ambiental indica que a obra proxectada non se engloba nos Grupos dos Anexos I e II "Proxectos sometidos á avaliación ambiental ordinaria ou simplificada" respectivamente da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentarias, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo tódolos requisitos exixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente o proxecto presentado para aprobación, "HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO".*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe".*

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*".

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de obras de "**HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO**", redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dna. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS TRINTA E OITO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS. (638.356,55 €), e con sinatura dixital do día 27 de xaneiro de 2026.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(96).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE PRIVADA E VIXILANCIA DESCONTINUA DAS INSTALACIÓNS DO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3092/448.**
Visto o informe xurídico do 05/02/2026 e o informe de fiscalización do 06/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/02/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno e Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 73 de 86 |
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**I.- ANTECEDENTES:**

**1.-** O obxecto do presente expediente contempla a contratación por parte do Concello de Vigo do servizo de seguridade privada e vixilancia descontinua por persoal especializado, fóra do horario laboral do persoal municipal que presta os seus servizos no Parque Central de Servizos (dende as 22.00 horas ata as 6.00 horas de luns a venres, e as 24 horas os sábados, domingos e festivos), así como a intervención e avisos fronte a detección de incidencias ou situacións anómalas.

Os servizos a prestar serán os seguintes:

a) Prestación do servizo de vixilancia e seguridade descontinuo, de carácter preventivo dirixido a custodia de bens e protección de instalacións.

b) Apertura das instalacións segundo requirimentos do Concello de Vigo

**2.-** En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, o día 20.06.2025 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal o mesmo día o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes acordou o inicio do expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben a presente memoria, considérase axeitado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a súa definición:

**3.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola técnica de xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais o día 20.06.2025, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.

b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 20.06.2025.

c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos e polo xefe de Área de Servizos Xerais o día 10.12.2025.

d) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento e Servizos do día 22.01.2026.

e) Certificados de créditos asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 22.01.2026.

f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada o día 23.01.2026.

g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 26.01.2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 26.01.2026.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a súa división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto**.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

## <u>III.- PROPOSTA:</u>

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do servizo de "SEGURIDADE PRIVADA E VIXILANCIA DESCONTINUA DAS INSTALACIÓNS DO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO", cun orzamento de licitación que ascende a un importe máximo de "SESENTA E TRES MIL SESENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS" (63.066,46 €),



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 75 de 86 |
|---|---|---|
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

sendo o importe correspondente ao IVE de 10.945,42 €, segundo a seguinte distribución de anualidades proposta:

| | Parte fixa do contrato | Parte variable do contrato | GX+BI | IVA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| **2026** | 16.320,24 € | 1.131,00 € | 2.094,15 € | 4.104,53 € | **23.649,92 €** |
| **2027** | 21.760,32 € | 1.508,00 € | 2.792,20 € | 5.472,71 € | **31.533,23 €** |
| **2028** | 5.440,08 € | 377,00 € | 698,05 € | 1.368,18 € | **7.883,31 €** |
| **TOTAIS** | | | | | **63.066,46 €** |

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos e polo xefe de Área de Servizos Xerais o día 10.12.2025.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 26.01.2026.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total de 23.649,92 € con cargo á aplicación orzamentaria 9293.227.01.00 (SEGURIDADE) e asumir o compromiso de dotar no orzamentos iniciais dos exercicios 2027 e 2028, na aplicación orzamentaria 9293.227.01.00, créditos por importe de 31.533,23 € e 7.883,31 € respectivamente.

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(97).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN DE VIGO CONVENTIÓN BUREAU CORRESPONDENTE AO ANO 2026. EXPTE. 9018/104.**

Visto o informe xurídico do 21/01/2026 e o informe de fiscalización do 10/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/01/2026, asinado pola xefa de Turismo, a concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

Con data 12.01.26 e 19.01.26 a Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB), solicita a través do Rexistro Xeral o primeiro pago da transferencia de financiamento para o

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

ano 2026. Así mesmo, achega o Plan de actuación e orzamento 2026 e a certificación de non débedas co Concello de Vigo, certificación de non débedas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e con Facenda, así como a certificación da conta bancaria, e o certificado acreditativo de aprobación do plan de actuación e orzamento 2026 no padroado de data 16 de xaneiro de 2026, e o certificado de representación para presentación mediante vía telemática ante o Concello de Vigo de escritos, solicitudes e documentación relacionados coa administración e xestión da FVCB, completando a documentación necesaria para a tramitación da transferencia ordinaria á FVCB.

LEXISLACION APLICABLE

a) Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
b) Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
d) RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (LXS)
e) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
f) Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria
g) RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,
h) Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
i) Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRO.- FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB)**

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :
-Dotación inicial.
-As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidirase por parte do Padroado.
-Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
-Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
-Os rendementos do seu patrimonio.
-Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
-Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:
-Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.
-Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
-Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.
-Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.
-Promoción en feiras nacionais e internacionais.
-Promoción da cidade como destino MICE.

A finalidade da fundación está ligada as competencias municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), e artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e concretamente en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2009.

A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

**SEGUNDO.- DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO**

A FVCB solicita primeiro pagamento do da transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Fundación Vigo Convention Bureau correspondente ao ano 2026.

No orzamento municipal consta consignación presupostaria 4320.4890000 “Aportación ordinaria Fundación Convention Burea” por importe de 500.000€

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

O artigo 2.2 da  Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración, cuxos orzamentos se integren nos Orzamentos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto se se destinan a financiar globalmente a súa actividade como á realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teña atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública *e* o artigo 38 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia dispón que <<.. *no tienen la consideración de subvenciones las aportaciones dinerarias nominativas a favor de los organismos y de las entidades vinculadas o dependientes de la Administración de la comunidad autónoma destinadas a financiar global o parcialmente su actividad con carácter indiferenciada>>*

A achega que realiza o Concello de Vigo á FVCB é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións,

Aos efectos de proceder o pagamentos das achegas a FVCB achega a solicitude do primeiro pago correspondente a anualidade 2026 (Nº de documento  260006411 e W1420046-5972 e W1420191-9781  ) xunto coa seguinte documentación
- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.
- Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter débedas coa Seguridade Social.
- Número de conta bancaria.
- Plan de actuación e orzamento 2026.
- Certificado acreditativo de aprobación do plan de actuación e orzamento 2026 no padroado de data 16.01.26
- Certificados acreditativos da representación para presentación mediante vía telemática ante o Concello de Vigo de escritos, solicitudes, documentación relacionados coa administración e xestión da FVCB de datas 19.02.24.

Así mesmo consta no expediente certificado de non débedas co Concello de Vigo de data 14.01.26.
Revisado o Plan de actuación que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2026 no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fin fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.
Dito Plan de actuación de acordo co disposto no artigo 15.2.d. dos Estatutos  aprobouse na reunión do Padroado que tivo lugar o 16 de xaneiro de 2026.

Por Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 e posterior de data 01 xullo de 2024 estableceu a estrutura da administración do Concello de Vigo: Delegación de competencias e Decreto do Alcalde área de Goberno de Política social, Turismo e Xuventude de data 28.06.24, e posterior de data 26.10.25, que recolle entre outras funcións, a coordinación e dirección do turismo MICE e as relacións coa Fundación Vigo Convention Bureau.

As bases de execución do presuposto do exercicio 2026 non establecen ningunha normativa á que deberá suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Turismo só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO  25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión:  25/02/2026 12:06 | Páxina 79 de 86 |
|---|---|---|
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

é solicitado pola FVCB, xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

**TERCEIRO.- CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA.-**
No orzamento consta consignación orzamentaria por importe de 500.000 euros en concepto de " Aportación ordinaria FVCB" na partida orzamentaria 4320.4890000 do ano en vigor.

Por todo o exposto e coas conformidades da Concelleira delegada da área de Turismo e tras informe xurídico e da Intervención, faise a seguinte proposta,

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

**PRIMEIRO.-**Transferir á FVCB, NIF:G-27.722.883 un importe de 500.000€ ( cincocentos mil), mediante transferencias bancarias nos termos que seguen:

a) Primeiro pago de 250.000€ ingresarase tras a adopción do acordo da Xunta de Goberno Local.
b) Segundo pago de 250.000€, ingresarase na segunda quincena de xuño do 2026.

2.- A transferencia do financiamento realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4890000 "Aportación ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau" do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico, á conta 2080 5000 68 3040324245
3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puideran contratar.

**SEGUNDO.-** Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa FVCB, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos coa FVCB:

<u>PRIMEIRA.- REPRESENTACIÓN</u>
Os Estatutos da FVCB aprobados en febreiro de 2010 recollen no seu art.14; "O Padroado é máximo órgano de goberno, representación e administración da FVCB", entre as súas funcións destaca segundo o art.15, "Aprobar a recepción de subvencións, doazóns e achegas realizadas por entidades públicas ou privadas".
De acordo co art. 18, O Padroado contará con un Presidente e un Vicepresidente. A presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde do Concello de Vigo. A vicepresidencia da Fundación será exercida polo concelleiro delegado de Turismo.

<u>SEGUNDA.- OBRIGAS DA FVCB</u>
1.- Desenvolver o Plan de actuación presentado en data 19.01.26, asumindo a totalidade dos gastos que xere. A Concellería de Turismo do Concello de Vigo, non asumirá outros gastos diferentes á presente transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio orzamentario.
2.- Responsabilizarse da totalidade das actividades organizadas.
3.- Incorporar en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e de Turismo de Vigo e mencionar en toda actuación pública o financiamento recibido do Concello de Vigo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

4.- Colaborar coa Concellería de Turismo do Concello de Vigo, en cantas actuacións turísticas realice.
5.- Comunicar á Concellería de Turismo do Concello de Vigo, coa antelación debida os cambios que se puideran producir na programación e funcionamento da FVCB.

TERCERA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

1.- Realizar o seguimento das actividades da FVCB.
2.- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento, de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

CUARTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN

A unidade municipal xestora da colaboración coa FVCB é a Concellería de Turismo, que ten coma encomenda a comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento previstos para 2026.

QUINTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FVCB adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento por parte da Concellería de Turismo do Concello de Vigo do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, no propio centro, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, e na visualización do logo do Concello de Vigo co da FVCB que empregarase en todos as publicacións, medios e soportes.

As publicacións da FVCB en calquera medio deben de ser previamente conformada pola Concelleira delegada da Área Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude e posicionarase en liña coa marca municipal.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas ao Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concelleira delegada da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude a prelación e características para cada caso.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberán estar previamente acordada coa Concelleira Delegada da Área de de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude.

SEXTA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMIENTO DA FVCB

A FVCB achegará á Concellería delegada da área de Turismo do Concello de Vigo, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo de control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

-DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FVCB.

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

a) Informes de actividades realizadas, con datos e detalles sobre os participantes e sobre o funcionamento da FVCB.

-Primeiro informe xustificativo correspondente ao primeiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello Vigo, na primeira quincena de xuño.
-Segundo informe xustificativo correspondente ao segundo pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena do mes de decembro.

b) Relación de ingresos e gastos clasificada por cada unha das actividades e funcionamento da FVCB, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, na primeira quincena de decembro.

c) Copia das convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.

d) Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercicio.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencia de financiamento.

A FVCB deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do Servizo de Turismo a tramitación e obtención doutras subvencións e axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no perfil de transparencia.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(98).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA AO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA U.E. INDUSTRIAL II-04 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 5369/401.**

Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo, de data 03/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/01/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral-técnica xurídica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión, a arquitecta-xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

I. Antecedentes e Feitos

I.I. En 31.01.2025 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, acordou, entre outros pronunciamentos e no que aquí nos interesa, prestar aprobación, con carácter definitivo, ao «Proxecto de compensación do ámbito U.E.IND.II.07 San Andrés de Comesaña» instrumento urbanístico de iniciativa pública, promovido pola mercantil "Global Fitness Sport, SL (Exp. 5330/401).

I.II. En data 01.04.2025 e 28.07.2025 o secretario da Xerencia de urbanismo co visto e prace da Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, expediron o correspondente certificado de firmeza en vía administrativa do expediente relativo ao proxecto de compensación, aos efectos da súa inscrición no rexistro da propiedade núm. 3 de Vigo, e consonte ao recollido no artigo 272.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, incorporando os seguintes documentos:

a) Memoria, nos termos do artigo 250 do RLSG
b) Descrición das parcelas de orixe, co contido esixido no artigo 251 do RLSG
c) Descrición das parcelas de resultado de carácter patrimonial, aportando a documentación recollida no artigo 253.3 do RLSG
d) Correspondencia, segundo o disposto no artigo 254 do RLSG
e) Descrición das parcelas dotacionais públicas de cesión obrigatoria, co contido esixido no artigo 255.2 do RLSG
f) Plano no que se contén a totalidade das parcelas de resultado e os terreos dotacionais
g) Documentación necesaria para efectuar operacións de actualización do tracto rexistral, u outras con incidencia rexistral.

Asemade, incorporouse á xustificación da notificación dos acordos de aprobación inicial e definitiva do proxecto de compensación, en formato electrónico.

I.III. Neste estado da tramitación, en data 26.01.2026 a mercantil "Global Fitness Sport, SRL" con CIF B74357131, presenta no rexistro electrónico da Xerencia de Urbanismo (Cod. Sol.. W1423482-7949) a seguinte documentación:

- Documentación técnica nomeada *"Adenda I. Proyecto de compensación ámbito UE-IND-II.04 San Andrés de Comesaña"* elaborada polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, de data xaneiro de 2026; Certificado dos acordos adoptados pola Asemblea xeral extraordinaria da Xunta de compensación da UE. IND.II.04 de data 15.01.2026; e escrito asinado por D. Felipe Martinez Rodríguez e/r de Global Fitness Sport, S.L.U, na súa condición de representante do Consello Reitor da Xunta de compensación da unidade de execución U.E.IND.II-04 San Andrés de Comesaña, polo que, solicita a tramitación do presente expediente, de conformidade co previsto no artigo 273 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (Decreto 143/2016, do 10 de febreiro).

II. Fundamentos de Dereito/ Valoración Xurídica

II.I Normativa examinada

S.ord. 13/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- O resto da disposicións que poidan afectar

II.II. Operacións xurídicas complementarias

A operación xurídica complementaria segundo definición de Tomás Ivorra Ardite ("Las operaciones jurídicas complementarias: normativa, jurisprudencia y resoluciones de la Dirección General de los Registros y del Notariado", Revista de Derecho Urbanística. Novembro 2006), é aquel acto administrativo de carácter urbanístico que altera dun xeito non substancial e perfecciona o instrumento de compensación orixinario, sen contradicir nin opoñerse ao mesmo nin ao plan que se execute.

O artigo 273 do vixente Regulamento da Lei do solo de Galicia, baixo o título "Operacións xurídicas complementarias e modificacións ao proxecto" establece no seu teor literal que, *"(...)Se entenden como operacións xurídicas complementarias a un proxecto de equidistribución os documentos ou datos que completan ou aclaran as súas determinacións, sen alterar en ningún momento o seu contido substancial. As operacións xurídicas complementarias, que non se opoñan ao planeamento que se executa nin ao proxecto de equidistribución definitivamente aprobado, poderán ser aprobadas sen información pública polo Concello, quen deberán reflectilas en certificación administrativa que será obxecto de inscrición no rexistro da propiedade por o promotor do proxecto(..).*

II.III. Obxecto, contido e alcance do documento de Addenda

O documento de addenda presentado, aclara e completa ao proxecto de compensación definitivamente aprobado, co obxecto de garantir o adecuado encaixe aos datos e bases rexistrais, aspectos que non alteran o contido substancial do proxecto de compensación definitivamente aprobado , nin afectan a conta de liquidación provisional, co seguinte contido:

A) Aclaración relativa ao lindeiro Sur da parcela de resultado 06, apartado 07.2.2 do proxecto de compensación, na descrición da parcela de resultado 06, onde o proxecto de compensación di, "Lindeiro Sur: Parcela 01 e Parcela 03" debe dicir "Lindeiro Sur: Parcela 01 e Parcela 04".

B) Aclaración da actual superficie rexistral da Parcela de orixe número 6:

Apartado 05.2: Na superficie rexistral das parcelas de orixe do Proxecto de compensación. onde a táboa indica para a parcela de orixe núm. 6, unha superficie rexistral de 2.562,17 $m^2$ aclárase que a superficie rexistral actual é de 2.571 $m^2$.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado

Apartado 07.3. cadro primeiro: Onde o proxecto de compensación indica como superficie aportada pola parcela de orixe 6 a superficie de 2.562,17 $m^2$ en coherencia co indicado no parágrafo anterior debe modificarse pola superficie rexistral actual de 2.571 $m^2$.

Apartado 07.3 nota ao pe: na nota ao pe dos cadros do Proxecto de compensación, onde se indica que "*Existe una mínima diferencia, de 0,17 m2, en la superficie total del ámbito, que responde a una adecuación a la realidad actual del mismo*", debe indicarse que "Existe unha mínima diferencia de 9 $m^2$, na superficie total do ámbito, que responde a unha adecuación actual do mesmo.

C) Plano S01, Delimitación actual: no cadro delimitación actual do plano S01 do proxecto de compensación definitivamente, onde indica para a parcela de orixe núm. 6 unha superficie rexistral de 2.562,17 $m^2$ debe recoller a superficie rexistral actual de 2.571 $m^2$.

D) Finalmente, no apartado 07.3, cadro terceiro do Proxecto de Compensación, completase o mesmo de conformidade co previsto no artigo 11 do Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, no senso de incluír o dato da cuota porcentual das parcelas de orixe nas parcelas de resultado.

Conclusión: As operacións complementarias que se propoñen non afecta á participación dos titulares das fincas aportadas nin á cuantificación do aproveitamento urbanístico atribuído ás fincas resultantes, nin altera as previsións de cesións de zonas verdes, viais e equipamentos do ámbito.

II.IV. Órgano competente

En virtude do disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, previo ditame/consideración do Consello da XMU.

Por canto antecede, proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Realizar a operación xurídica complementaria ao *«Proxecto de Compensación da U.E Industrial San Andrés de Comesaña»* (Exp.5330/401) aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local en data 31.01.2025, co alcance e contido que se indica na documentación presentada en data 26.01.2026 pola mercantil "Global Fitnes Sport, SLU" nomeada *"Addenda I ao Proxecto de Compesación do ámbigo U.E-IND-II-04 San Andrés de Comesaña"* elaborada e asinada polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, aos efectos da súa inscrición no rexistro da propiedade que corresponda dos de Vigo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo a todos os interesados no presente procedemento, significándolle que contra á mesma cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ao abeiro do previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das admi-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/02/2026 12:06 | Páxina 85 de 86 |
|---|---|---|
| 2028-1102 Aprobado por XGL 20/02/2026 | CSV: ADBDA3-2DEA35-318B81-UWLY1R-Q7Q4GC-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

nistracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8- 1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa, a contar ambos prazos dende o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que consideren procedentes. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, a presente proposta non ten carácter vinculante e o órgano competente, decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(99).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 25/02/2026 12:06:43

Documento asinado